CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
17

2015

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
17

2015

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Director Técnico de Lingüística
Guillermo Rojo Sánchez

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 881996152 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015. (Véxase a páx. 308).
Autor Varios
Título Cadernos de Fraseoloxía Galega 17, 2015
Periodicidade Anual.
ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)
ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
D.L. C 467-2015

Imprime: Agencia Gráfica

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (http://www.letrasgalegas.org/) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 307-310).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)

Consello Científico
Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buxán Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

Consello De Redacción
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Andrea Expósito Loureiro (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Vanessa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Beatriz Pérez Traseira (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, recíbena todas as universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, é de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 184 fraseólogos de 24 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseológica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, la reciben todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, es de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 184 fraseólogos de 24 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. It is spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities. After six months, this yearbook is accessible for free on the Internet [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia–both Galician and universal–, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 184 from 24 different countries have already contributed.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Elle est diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique; elle est envoyée à toutes les universités d'Espagne et du Portugal et, six mois après la parution de ses numéros, elle est en accès libre sur le lien [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 184 phraséologues de 24 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Die Cadernos de Fraseoloxía Galega ist eine internationale phraseologische Forschungszeitschrift, die sich mit der Untersuchung der Phraseologie und Paroemiologie jeder Sprache der Welt beschäftigen, und die verschiedene Ansätze verfolgen: strukturell, phraseographisch, translatologisch, komparativ und didaktisch. Sie sind in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und an alle spanischen und portugiesischen Universitäten geliefert; nach sechs Monaten, ist die Zeitschrift über das Internet frei zugänglich [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originale Artikeln sind in acht europäischen Sprachen ausgenommen, auch wenn die endgültige Publikation auf Galicisch ist., da diese Jahrbücher geschaffen wurden, um in Galicien die Sammlung und Forschung der galicischen und universellen Phraseologie zu fördern. Sie gehören zu dem Projekt ökologische Linguistik von dem Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologen aus aller Welt unterstützen diese Zeitschrift, in der 184 Experten aus 24 Ländern schon etwas beigetragen haben.

Cadernos de Fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке, его получают все университеты Испании и Португалии. Кроме того, через шесть месяцев после выхода в свет его можно посмотреть на открытом доступе в сети Интернет [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 184 фразеологов из 24 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS 15

BAQUERO CASTRO, Karen Lorena: *As fórmulas rutineiras e as súas relacións de equivalencia na combinación lingüística español-alemán* / Routine expressions and their equivalences in Spanish-German linguistic combination 17

LE PODER, Marie-Évelyne: *Estudo das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas dun texto do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos dende unha perspectiva tradutora* / Study of the terminological and specialized phraseological units from a text in the field of functional food and nutraceuticals from a translator's perspective 51

LÓPEZ FERNÁNDEZ, Laura: *Paremias xeocosmolóxicas de predición do tempo en galego e maorí* / Geocosmologic paroemias of weather prediction in Galician and Maorí 83

PARINA, Irina: *Sinónimos fraseolóxicos no corpus e no dicionario* / Phraseological Synonyms in Corpus and in Dictionary 109

RECADÁDIVAS / COMPILATIONS 133

LÓPEZ FERRO, Xosé María: *Locucións, fórmulas e paremias do concello das Pontes de García Rodríguez* / Idioms, expressions and paroemias from the municipality of As Pontes de García Rodríguez 135

RECENSIÓNS / REVIEWS 179

DURANTE, Vanda (ed.) (2014): *Fraseología y Paremiología: enfoques y aplicaciones.* Por / By Luis González García 181

GÓMEZ GONZÁLEZ, Alba e UREÑA TORMO, Clara (2014): *Locuciones y refranes para dar y tomar. El libro para APRENDER más de 120 locuciones y refranes del español*. Por / By M. Carmen Losada Aldrey 192

MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2014): *Kontrastive Phraseologie Deutsch-Spanisch*. Por / By Beatriz Pérez Traseira 195

ORTIZ ÁLVAREZ, Maria Luisa (org.) (2012): *Tendências atuais na pesquisa descritiva e aplicada em Fraseologia e Paremiologia.* Por / By Ramón Anxo Martíns Seixo 200

SÁNCHEZ LÓPEZ, Elena (2013): *Estudi de la llengua d'Ausiàs March a través de les col.locations. Una aproximació semioautomàtica.* Por / By Santiago Vicente Llavata 207

SCHEMANN, Hans; MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely; LARRETA, Juan Pablo e MANSILLA, Ana (2013): *Idiomatik Deutsch-Spanisch.* Por / By Maria Luisa Ortiz Álvarez e Enrique Huelva Unternbäumen 216

SOARES, Rui João Baptista (2002): *Do Ano ao Santo tudo é encanto. Ditos populares ao longo do ano.* Por / By Xesús Ferro Ruibal 220

NOVAS / NEWS 223

1. Libros, revistas ou artigos / *Books, Journals or Papers* 225

1.1. Actas / *Proceedings* 258

1.2. Recensións / *Reviews* 258

1.3. Recensionantes / *Reviewers* 260

2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / *Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences* 261

2.1. Congreso EUROPHRAS 2015, Málaga 261

2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2015 262

2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2015 / *Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2015* 262

3. Recursos / *Resources* 264

3.1. Para dar trela. *Manual práctico de fraseoloxía galega* 264

4. Proxectos de investigación / *Research Projects* 264

4.1. *Reproducible language units in an interdisciplinary perspective* 264

5. Fraseografía espontánea / *Spontaneous Phraseography* 265

5.1. Ditos e refráns do Valadouro (Lionel Rexes Martínez) 265

5.2. *Parucadas*: un "dialecto" vivo nacido en Baiona (Amparo Goce Denís) 267

BALANCE / OUTCOME 269

1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 271

1.1. Índices alfabéticos de artigos / *Alphabethical index of papers* 271

1.2. Índice da sección de Recadádivas / *Index of Compilations section* 276

1.3. Índice alfabético de recensións / *Alphabetical index of reviews* 277

1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / *Alphabethical index of reviews by authors* 277

1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / *Alphabethical index of reviews by reviewers* 283

1.4. Índice da sección de Novas / *Index of News section* 287

1.5. Publicacións recibidas na redacción / *Publications received in the editorial department* 289

2. Índice temático dos dezasete números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Subject index of the seventeen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 289

3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 301

PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS 307

Locucións, fórmulas e paremias do concello das Pontes de García Rodríguez

Idioms, expressions and paroemias from the municipality of As Pontes de García Rodríguez

Xosé María López Ferro

Museo Etnográfico Monte Caxado. As Pontes de García Rodríguez

Resumo: Compilación de material fraseolóxico e paremiolóxico do concello das Pontes de García Rodríguez realizada entre 2001 e 2015.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Compilation of phraseological and paroemiological material from the municipality of As Pontes de García Rodríguez between 2001 and 2015.

Keywords: Galician phraseology, Galician paroemiology, fieldwork.

Cando lembro a fala dos meus devanceiros (avós maternos e paternos, tías e tíos, avós e veciños maiores) da zona do Paraño e da Forxa (lugares onde naceron meus pais), esa fala que eu escoitei de neno e, cando a comparo coa nosa fala de hoxe, coido que, se eu puidese falar con eles (xa morreron), non me ían entender nin a metade das palabras ou, cando menos, pensarían que eu viña doutra terra veciña onde se falaría algo parecido ó galego deles. E digo isto porque lembro que eles empregaban: *pra, prá, pro, pró,* facían a gheada, etc. Pero, sobre todo, estrañarían a falta de moitas expresións que eles empregaban, principalmente na introdución das frases e nas respostas.

Moitas destas expresións eran parte desa retranca que dicimos que amosa o carácter do galego; mostran o enxeño da contestación, de expresar algo no que o significado non é o literal, senón que vai máis aló.

O galego dialogado de agora está orfo delas e de refráns que noutrora eran un tanto por cento importante na fala diaria. Para escoitalas na actualidade temos que poñernos ó carón de xente de setenta ou oitenta anos; e óenselle máis á xente de aldea cá de vila.

Data de recepción: 16.7.2015. Data de aceptación: 1.12.2015

Esta riqueza da fala estase a perder, como se perde a variedade de vocabulario existente para nomear, por exemplo, as partes do carro que en cada lugar tiñan o seu nome; e, quen di do carro, di doutros apeiros ou trebellos empregados na vida diaria. É unha parte desa cultura inmaterial a que, cada vez que morre un galego entrado en anos, se perde con el para sempre.

Unha expresión das que gardo con agarimo na miña memoria e que xa non se escoita a miúdo era unha que introducía frases: *¡Ai ho!...* E dixen que a gardo con agarimo porque meu pai, Amador, usábaa para contarme o conto do parvo e do listo (*¡Ai ho! Que dis? Que pille a cancela e que a leve ó lombo?* – dicíalle o parvo ó listo-) e tamén no conto do raposo e do labrego *(¡Ai ho! Fai que me metes –no saco- e non me metes*). Outra que tamén se empregaba moito e no mesmo senso que a anterior é a de *¡Oes!...* Eran formas de iniciar unha intervención na conversa, que dalgún xeito cambiaba o tema ou a perspectiva. Tanto unha coma outra á volta doutra xeración estarán esquecidas por falta de uso, polo menos nesta zona.

Ó longo dos anos fun recollendo expresións que escoitaba na fala da nosa xente (nas rúas, nas feiras, nas aldeas, na casa dos meus pais, na de meus sogros, cando estaba traballando coa xente, etc.). Delas, algunhas esquecéronme por non anotalas no momento. Outras funas apuntando en anacos de papel e logo pasándoas a un caderno xunto con algúns refráns, adiviñas, contos... que tamén escoitaba e que recollín, aínda que en menor cantidade cás expresións. Hoxe sigo aproveitando calquera oportunidade para seguir recompilándoas, aínda que –como dixen- xa é raro escoitalas. A última oínlla a meu tío nunha conversa que mantíñamos os dous e estabamos a falar dunha terceira persoa e entón díxome: *Ese bótalle pan ó caldo!*, referíndose a que era home con cartos. Desta frase xa se ten dito que leva dentro a memoria colectiva da fame, porque, se poderlle botar pan ó caldo era símbolo de riqueza, a fame das maiorías era moita.

Non deben perderse, nin quedar esquecidas. Un labor importante sería volver ó seu uso na fala, pois manteríanse vivas. Hai unha perda constante do noso patrimonio cultural-etnográfico material e inmaterial e todos debemos de facer algo para evitalo. A escola é un bo lugar para facelo, dándoas a coñecer, explicándoas e facendo que se usen. A lingua sen expresións, sen refráns ou ditos é unha lingua á que lle falta algo importante, pois elas representan a vida da xente que está viva na fala; son as súas experiencias feitas expresións.

Na lembranza de toda esa xente que xa non está presente connosco dun xeito físico, mais si presente na fala, para toda a outra que aínda as segue empregando e, sobre todo, para os que veñen detrás e teñen que aprendelas, para eles vai dedicado este traballo. *O que garda sempre ten* -dicía Amador do Paraño. Gardemos a nosa fala para termos unha identidade propia.

Permítaseme engadir unha nota sobre a orixinalidade deste traballo. A miña preocupación pola fraseoloxía xa ten algúns anos: no ano 2001 publiquei unha recadádiva de 138

unidades dentro do programa das *Festas do Carme e da Fraga do 20 ó 25 de xullo de 2001 As Pontes*[1].

Era aquel un folleto de circunstancias, realizado pola Comisión de Festas e, coma moitos outros semellantes, carece de Depósito Legal e de ISBN pois só ten como función publicita-los acontecementos festivos locais dese ano 2001 e de feito a información aparece nas páxinas impares 115-117-119-121-123 e 125, dado que as pares (116-118-120-122 e 124) resérvanse para a publicidade das empresas e comercios que ese ano pagaron a publicación.

Se aquel traballo do 2001 contiña 138 unidades, o que aquí se presenta en 2015 contén 784 e ademais mellora a estrutura, a definición e mailos exemplos de uso. O que aquí se ofrece é, polo tanto, un traballo novo non só pola cantidade de unidades (138 > 784), senón pola disciplina fraseográfica.

Nota sobre a lingua desta recadádiva

Como é natural trato de reproducir sempre a lingua realmente falada nas Pontes polas persoas das que eu recollo ditos e refráns. A maior parte do material cadra plenamente co que hoxe se considera galego estándar, confirmando así que o galego é unha lingua compacta e que a norma (galego normativo) recolle bastante ben o que os falantes realmente dicimos.

Pero, como acontece en tódalas linguas, hai variacións que teñen que ver coa xeografía (*roa, sube, suda, pró, bon, soupo, descubreu, ladrós*), outras coa afectividade (*chiculate* por *chocolate*) e algunhas coas inevitables interferencias da lingua estatal (**xaula, *según, *xusticia*).

Coido que unha recadádiva non é un dicionario normativo senón unha escolma da lingua real dun lugar. O que ten que ser normativo é a definición. Por iso, coma no TILG, recollo variantes dialectais e afectivas e mesmo palabras que o DRAG hoxe considera castelanismos (**según, *precio, *xaula, *xorobado, *disfrutar*) pero que ata a aparición do VOLGA non estaban negativizadas. Non oculto este tipo de palabras pero márcoas cun asterisco, para que o lector as identifique como non normativas no estándar actual. Paréceme marca suficiente e, se cadra, algún día resulta útil facelo así, porque documentará a paulatina penetración dos cambios normativos na sociedade.

[1] *Festas do Carme e da Fraga do 20 ó 25 de xullo de 2001* As Pontes. Imprime Grafigal SL. As Pontes.

1. Colocacións

1. **andar amouchado** col. Andar coa cabeza baixa, preocupado ou decaído. Véxase a loc. *coma un moucho.*
2. **andar (medio) encabuxado** col. Estar incomodado. *a) Anda encabuxado porque quería ir e non o levaron b) Anda medio encabuxado, porque coida que pra el non hai agasallo.*
3. **cantarlle os dentes a [alguén] / tarruscar nos dentes** col. Bater involuntariamente os dentes de alguén por cousa do frío ou do medo. *a) Cántanlle os dentes! b) Tarrusca nos dentes!*
4. **darlle unha malleira a [alguén]** col. Zoupar, pegar, tundar. *¡Deulle unha malleira que non sei se non terá que estar deitado unha semana!*
5. **levar unha labazada** col. Ameazar. *¡Cando o pille por banda vai levar unha labazada! Verás como non volta facelo.*
6. **darlle unha tunda a [alguén]** col. Tundar, zoupar, pegar. *Enfadouno e deulle unha tunda.*
7. **darlle unhas fregas a [alguén]** col. Zoupar, ou masaxear, a alguén. *Como tiña dor nas costas deulle unhas fregas.*
8. **levar unha malleira** col. Levar unha tunda. *Viña todo ferido ¡Collérono entre varios e levou unha malleira!*
9. **prende-la luz** col. Activa-lo sistema de iluminación dun lugar. *¡Prende a luz!*
10. **ter doca** col. Preguiza, desgana, cansazo. Sinónimo de *galbana. ¡Veño da sega e teño unha doca! Se me sento, durmo.*
11. **ter galbana** col. Preguiza, desgana, cansazo. Sinónimo de *doca ¡Coa calor que vai, teño unha galbana! Só quero durmir.*
12. **xenio rabudo** col. Ter mal xenio ou carácter. *¡Non o amoles, tenche o / un xenio rabudo! Igual che dá unha mala contestación.*

2. Locucións

2.1. Locucións substantivas

13. **a *xusticia da carballeira** l.subs. Vinganza mediante violencia física. *Precisa que alguén lle aplique a *xusticia da carballeira, pra que cambie e aprenda o respecto.*
14. **anaco de pan** l. subs. Persoa moi boa. *¡Teu amigo é un anaco de pan! Axudoume cando o máis o precisaba.*
15. **arma de dobre fío** l.subs. Cousa (especialmente argumento, medida, asunto) con que hai que ter coidado porque pode beneficiar ou prexudicar. *¡O de axudarlle é unha arma de dobre fío! Logo el nunca fará nada por si.*
16. **as de San Quintín** l.subs. Unha lea grande. *Contou o segredo e armou as de san Quintín, pois houbo ata paus.*
17. **bon merlo** l.subs. Persoa descarada ou con certa maldade. *Ten a cara moi dura. ¡É un bon merlo!. ¡Xoán éche bon peixe! Sae con dúas rapazas á vez!*
18. **bon peixe** l.subs. Persoa descarada ou con certa maldade. *¡Xoán éche bon peixe! Sae con dúas rapazas á vez!*
19. **cara de fame** l.subs. 1. Con fame. *¡Vouche face-la cena, tes cara de fame! Seguro que hai horas que non comiches nada. 2.* Delgadeza. *Cóntanselle os ósos todos: mira que cara de fame ten.* Obviamente en negativo esta loc. indica estar ben

mantido, estar moi gorda [u.p.]. *Ese mozo xa pasa dos cen quilos. Non che ten cara de fame.*

20. **cara de rosa** l.subs. Cara fermosa, agradable. *¡Raquel, a túa veciña, ten cara de rosa! É moi fermosa.*
21. **cu de mal asento** l.subs. Persoa inqueda. *¡Teu tío é un cu de mal asento, non ten paraxe, aínda non acabou de xantar e xa quere irse!*
22. **man dereita de [alguén]** l.subs. Persoa de grande axuda e confianza para outra. *Deixa que leve os asuntos da fábrica o seu fillo maior. É a súa man dereita*
23. **mar de fondo** l.subs. Inquietude, malestar, descontento. *¡Tenta coa señora. Haiche moito mar de fondo! Veute bebendo na cantina.*
24. **meniña dos ollos de [alguén]** l.subs. A persoa preferida. *¡A súa filla é a meniña dos seus ollos! Non fala máis ca dela a todas horas.*
25. **o cu do mundo** l.subs. Un lugar moi afastado. *¡A primeira escola tívena no cu do mundo!*
26. **o peor do conto** l.subs. A persoa máis mala dun suceso. *¡Agora vén o peor do conto! Ninguén saíu vivo de alí.*
27. **ovos rustridos** l.subs. Tortilla francesa ou ovos revoltos. *– ¿Tes gana? ¿Queres ovos rustridos ou estrelados? – Preguntábame miña avoa cando entraba pola porta.*
28. **raposo vello** l.subs. Persoa con moita experiencia. *¡Teu avó é raposo vello e decatouse axiña do problema!*
29. **unha de moito armar** l. subs. Unha lea grande. *Entrou correndo, bateu na cristalería e armou unha de moito armar.*
30. **unha do revés** l.subs. Labazada co dorso da man. *¡Amolouno, deulle unha do revés e tirouno detrás da silveira!*
31. **vara alta** l.subs. Poder, mando. *O cura da parroquia ten vara alta en toda ela, e se non fas o que di...¡atente ás consecuencias!*
32. **xogador da bóla** l.subs. Mal xogador. *¡Xogador da bóla! - dicíame meu pai cando facía unha mala xogada no tute.*

2.2. Locucións prepositivas

33. **no canto de** l.prep. No lugar de. *¡No canto de xogar imos falar!*
34. **por mor de** l.prep. Por causa de … *¡Por mor da néboa non puido saír o avión!*

2.3. Locucións adxectivas

35. **á miñoca** l.adx. Moi pobre, que non ten nin para comer. *¡Como non estudes, o día de mañá vas andar á miñoca!*
36. **amigo de abri-la man** l.adx. Sociable, que dá confianzas. *Ó meu pai non lle teñas medo, non dá moitas confianzas mentres non te coñece ben. ¡Non é amigo de abri-la man!*
37. **amigo do alleo** l.adx. Ladrón. *¡Aquel home é amigo do alleo! Colleulle a carteira a aquel velliño de alí.*
38. **(tan) bon / malo coma o trigo que non hai que mallar** l.adx. Con maldade. *¡É tan bon coma o trigo que non hai que mallar! Non se fai obra del.*
39. **botado pra diante** l.adx. Afouto, atrevido, valente. *¡O teu amigo é moi botado pra diante! Non ten medo a nada.*
40. **(tal e) como *Dios trouxo a [alguén] ó mundo** l.adx. Espido, sen roupa. *a) O meniño na casa anda como *Dios o trouxo ó mundo. b) Coa calor anda*

*tal e como *Dios o trouxo a este mundo.*

41. **cheo coma un bagullo / baragullo** l.adx. Farto ou, tamén, bébedo *¡Non lle des máis herba ó becerro, está cheo coma un bagullo / baragullo.*
42. **co cu ó aire** l.adx. En evidencia. [Úsase con verbos como *estar*, *deixar, quedar*...]. *¡Quedou co cu ó aire cando se descubreu a súa xogada coa súa irmá!*
43. **co rabo entre as pernas (e as orellas gachas)** l.adx. Maltreito dunha situación, avergoñado ou humillado. [Úsase con verbos como *andar*, *fuxir*, *irse*, *saír*, *volver* etc]. *a) ¡Declarouse á súa veciña e foise co rabo entre as pernas! Díxolle que non quería saber nada del. b) Chegou esixindo e marchou co rabo entre as pernas e as orellas gachas. Decatouse que non tiña razón.*
44. **coma a virxe do puño** l.adx. Moi avarento. *¡Ela é coma a virxe do puño! Non dá unha esmola aínda que a maten.*
45. **coma un fiuncho** l.adx. Delgado. *¡Estás coma un fiuncho, tes que comer moito máis que te vai leva-lo vento!*
46. **como un moucho** l.adx. Coa cabeza baixa, preocupado, decaído, triste. *Morreulle a muller e agora anda como un moucho.*
47. **coma unha cuba** l.adx. Bébedo. *¡Non sabe o que di, está coma unha cuba! Non llo teñas en conta.*
48. **cun vasiño de máis** l.adx. Bébedo. *¡Xosé vai cun vasiño de máis, nótaselle ó andar!*
49. **da pata chá** l.adx. Sinxelo. *¡Non te preocupes por ela, é da pata chá! Non é unha persoa moi escollida.*
50. **da unlla longa** l.adx. Amigo do alleo, ladrón. *Ten coidado coa veciña. ¡É da unlla longa! Non déixe-las cousas por aí.*
51. **de bon dente** l.adx. Pouco esixente coa comida e de bo apetito. *Non teñas coidado, son de bon dente, calquera cousa váleme pra xantar. // ¡Os nenos do colexio teñen bon dente, gústalles todo e nunca din que non á comida!*
52. **dun tempo** l.adx. Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *a)¡Teu pai e mais eu somos dun tempo! Nacemos no mesmo ano.*
53. **entrado / andando en anos** l.adx. De idade avanzada. *a)¡O marido vai entrado en anos e xa empeza a ter achaques! b) Vai andando en anos, mais consérvase moi ben e aínda traballa na horta.*
54. **falso coma unha mula / as mulas** l.adx. Pouco de fiar, moi falso. *¡O empregado do establecemento é falso coma as mulas! Tenta con el.*
55. **feito un can** l.adx. Alterado, enfadado. *¡Púxose feito un can comigo cando lle falei de parti-las terras!*
56. **forte / rexio coma un carballo** l.adx. Moi forte, moi san. *a) ¡O avó é forte coma un carballo! Noventa anos e aínda vai a pé á vila. b) Estivo na guerra, logo na emigración, e aí o tes...¡ rexio coma un carballo!*
57. **levado do demo / que o levan os demos** l.adx. Enfadado, furioso incomodado. Emprégase con verbos como *estar* ou *ir*. *a)¡Está levado do demo! Calquera lle di nada agora, volverei pola noite. b) Despois de estaren dúas horas na cola non os atenderon. ¡Van levados do demo! c)¡Van que os levan os demos, porque*

non lles pagan o que pedían polas terras!

58. **listo coma un allo** l.adx. Moi intelixente. *¡A nena é lista coma un allo! Quixeron rirse dela e deixounos en ridículo.*
59. **máis bon có pan** l.adx. Moi bo. *¡O mestre é máis bon có pan! Perdonóuno-lo castigo.*
60. **máis burro ca feito de encargo** l.adx. Pouco espelido. *¡É máis burro ca feito de encargo! Mandeino buscar leite e trouxome viño.*
61. **máis delgado ca un bacallau polo rabo** l.adx. Excesivamente delgado. *¡Non comes nada! ¡Estás máis delgado ca un bacallau polo rabo! Así vanche ca-los calzós.*
62. **máis lavado cás pedras do río** l.adx. Ir moi limpo e aseado. *¡María parece unha virxe, vai máis lavada cás pedras do río! // Os domingos cando vas á misa vas máis lavada cás pedras do río. ¡Pareces outra!*
63. **máis ledo ca un cuco** l.adx. Moi contento. *Dende que recibíche-la nova estás máis ledo ca un cuco. Non sei eu se non sería da moza do outro día.*
64. **máis longo ca un día sen pan** l.adx. 1. Co vbo. *facerse*: Tardar en pasa-lo tempo. *¡A viaxe sen a túa compaña fíxose máis longa ca un día sen pan!* 2. Co vbo. *ser:* Ter moita altura. *¡O teu amigo é máis longo ca un día sen pan! Chégalle as bombillas do teito coa man.*
65. **máis probe cás galiñas** l.adx. Sen propiedades, pobre. *Non lle pidas que cho pague, anótao na miña conta. ¡El é máis probe cás galiñas. Non ten onde caerse morto!*
66. **máis zamurdo cós zamurdos** l.adx. Pouco de fiar. *¡É máis zamurdo cós zamurdos! Non se lle pode crer nada.*
67. **nas verzas** l.adx. Distraído, despistado, sen se decatar do que ocorre. [Úsase con verbos como andar ou estar]. *a) Telo diante e non o ves. ¡Andas nas verzas! b) Pregúntasme onde está o reloxo e telo posto ¡Estás nas verzas!*
68. **nos ósos** l.adx. Moi delgado. *¡Estás nos ósos! Vas enfermar, é preciso que comas máis e engordes.*
69. **novo de pano vello** l.adx. Persoa vella pero ben composta e con aspecto de saúde. *Disme que estou moi ben porque vou ben vestido, o que estou é novo de pano vello. Os anos están aí.*
70. **ruín coma a fame** l.adx. Moi ruín, moi malo. *¡A vella da casa é ruín coma a fame! Non deixa coller unha mazá da maceira.*
71. **sen branca** l.adx. Sen cartos. *¡Estou sen branca! Teño que pilla-lo autobús pra ir ve-la moza!*
72. **sen tentos** l.adx. Morto de frío; cos dedos das mans entumecidos polo exceso de frío. *Traio as mans coma o xeo, veño sen tentos. Esquecín as luvas.*
73. **tal e como veu ó mundo** l.adx. Nu, en coiro. Aplícase tamén a unha situación que resulta moi clara. *Atopeina na miña porta tal e como veu ó mundo!: espida e famenta.*
74. **tan gordo coma o can polo rabo** l.adx. Moi delgado. *¡Case que non te vexo, pois estás tan gordo coma o can polo rabo! Dá igual mirarte de fronte que de lado.*
75. **vivo de xenio** l.adx. Con mal carácter. *¡O teu veciño é vivo de xenio!*

Díxenlle se me vendía o tractor e mandoume a paseo.

2.4. Locucións verbais

76. **acabar(lle) coa paciencia a un santo** l.v. Amolar alguén coas súas lerias. *Estes rapaces fan tantas trasnadas que lle acaban coa paciencia a un santo.*
77. **afrouxa-la faltriqueira / carteira / bolsa** l.v. Pagar. Úsase referido maiormente a unha persoa moi agarrada. *a) ¡Afrouxa a faltriqueira, e dálle tres pesos ó rapaz! b) ¡Afrouxa a carteira, e paga uns viños! c) ¡Afrouxa a bolsa, e convídanos a todos!*
78. **agacha-la(s) orella(s)** l.v. Humillarse, mostrarse submiso. *¡Primeiro berroume e despois ha de vir agachando as orellas porque vai querer que o axude!*
79. **agardar ó víspera pra afeita-la noiva** l.v. Deixar todo para o último momento. Ó víspera é a forma dialectal local para á véspera. *Aínda non comezáche-lo traballo e mañá tes que presentalo, non se pode agardar ó víspera pra afeita-la noiva.*
80. **anagárselle-los ollos de bágoas a [alguén]** l.v. Estar a piques de chorar. *Anagar é a forma dialectal para anegar. Recibeu a mala nova e anagáronselle-los ollos de bágoas.*
81. **andar a catro pés** l.v. Ser incapaz de mante-lo equilibrio ou andar apoiándose nos brazos, por encontrarse mal ou por efecto do alcohol. *Mareouse, caeu e logo andaba a catro pés*
82. **andar con ollo** l.v. Andar con moito tino ó facer algunha cousa. *a) Hai que andar con moito ollo pra que non se decaten da sorpresa. b) Hai que andar con moito ollo coas copas, non vaian romper. c) Hai que andar con moito ollo co veciño novo, non sabemos como pensa.*
83. **andar / ir de mal en peor** l.v. Saírlle a un as cousas cada vez peor. *a) ¡Anda de mal en peor, pois complicáronselle as cousas! b) A avoa vai de mal en peor na súa enfermidade.*
84. **andarlle co lombo a [alguén]** l.v. Ameazar con castigo físico ou agresión física a alguén. *a) ¡Hai que andarlle co lombo a ese rapaz como non cambie o seu comportamento! b) Como sigas a amolarme...¡hei de andarche co lombo!*
85. **apertarlle as botas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. *a) Colleron o agresor ¡A ver se lle apertan as botas!*
86. **apertarlle / axustarlle as caravillas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. *a)¡A ver se lle apertan as caravillas ó que mallou na muller!*
87. **apertarlle as costuras botas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. *a) Non deixa de facer falcatruadas ¡A ver se lle apertan as costuras!*
88. **apresentarlle o demo [algo / alguén] a [alguén]** l.v. Non serlle boa a alguén a compaña doutra persoa. *A Xoán esa compañía non lle convén: apresentoulla o demo. ¡Non me gusta nada!*
89. **arrincarlle as bágoas a [alguén]** l.v. Facer chorar a alguén. *Lembroulle a súa nenez, seus pais, os amigos… e arrincoulle as bágoas.*
90. **axustarlle as contas a [alguén]** l.v. Vingarse con alguén ou esixirlle explicacións por algunha acción.

Cando o teña diante xa lle axustarei as contas por terme insultado.

91. **baixa-las orellas** l.v. Humillarse, mostrarse submiso con alguén. *a) Cando llo conte a súa muller, ha de baixa-las orellas.*
92. **baixar (máis) o lombo** l.v. Traballar (máis), realizar un esforzo. *a) ¡Se queres aprobar, tes que baixa-lo lombo e esforzarte máis a estudar! b)¡Tes que baixar máis o lombo se queres remata-lo traballo antes do domingo!*
93. **baixarlle as orellas a [alguén]** l.v. Humillar a alguén. *a)Ten moitos fumes, haille que baixa-las orellas. b) Cando te pille heiche baixa-las orellas polo que me fixeches.*
94. **baixarlle os fumes a [alguén]** l.v. Obrigar unha persoa a comportarse con máis humildade. *¡Cando vexa as consecuencias do que fixo xa se lle baixarán os fumes!*
95. **botalas coma lousas** l.v. Dici-las verdades moi clariñas, aínda que molesten. *¡Lois bótaas coma lousas! ¡Díxolle as cousas como son!*
96. **botalas fervendo / quentes / ardendo** l.v. Dici-las cousas claras, por duras que sexan. *a) ¡María bótaas fervendo! Vai directa ó asunto. b) ¡Bótaas quentes! Non anda con rodeos. c) É moi directo e bótaas ardendo. Sempre di o que pensa.*
97. **bota-la lingua a pacer / ceiba-la lingua a pacer** l.v. Falar mal dunha persoa. *a) ¡Botou a lingua a pacer falando do seu curmán! b) Cando falou de Manuel, Lois ceibou a lingua a pacer e púxoo a caldo.*
98. **bota-la lingua de fóra** l.v. Estar canso, non ter folgos. *a) Botaba a lingua de fóra despois dun duro día de traballo.*
99. **bota-las fabas contadas** l.v. Servir pouca comida. Ser agarrado. *Non vaias xantar alí, botan as fabas contadas e pasarás fame.*
100. **botar fume** l.v. Estar enfadado. *¡Está que bota fume! Logo, se está máis calmo, volverei falar con el.*
101. **bota-los fígados** l.v. Facer un grande esforzo nun traballo, nunha carreira… *O ciclista botaba os fígados cando pasou pola meta.*
102. **botar un grolo** l.v. Ir beber. *Vai botar un grolo á cantina mentres eu vou busca-la ferramenta.*
103. **botar un pito** l.v. Fumar un cigarro. *Se vén o xefe dille que vou botar un pito.*
104. **botarlle pan ó caldo** l.v. Ser rico, ter posibles *O noivo é dos que lle botan pan ó caldo, non van ter problemas económicos.*
105. **botarlle terra a [algo]** l.v. Dar por rematado un asunto, encubríndoo para facer que se esqueza. Emprégase frecuentemente co substantivo *conto. Imos deixa-la cousa así. ¡É mellor botarlle terra ó conto!*
106. **botarlle unha man a [alguén]** l.v. Axudar. *¡Bótalle unha man ó teu sogro e faille a leña!*
107. **buscarlle as voltas / cóxegas a [alguén]** l.v. Provocar a alguén para amolalo. *a)Anda a buscarlle as voltas, e vaise atopar co que non espera. b) Non lle búsque-las cóxegas a Pedro que ten mal xenio.*
108. **caer da burra** l.v. Decatarse de algo. *Cando llo espliquei, caeu da burra.*
109. **caer de caixón** l.v. Ser algo evidente, lóxico. *Agora que mo dis, cae de caixón que reaccionase dese xeito.*
110. **caer de cu coa risa** l.v. Rir moito. *Cando lle contou o chiste, caeu de cu coa risa.*

111. **caer na conta** l.v. Decatarse de algo. *Caín na conta cando te vin alí de que esquecera o encargo.*
112. **caerlle [algo] a [alguén] tan ben coma o freo ó porco** l.v. Non sentar algo (peza, cousa…) ben a unha persoa. *¡A chaqueta cáeche tan ben coma o freo ó porco! Non che pega nada co pantalón.*
113. **caerlle / pingarlle o pito a [alguén] // pingarlle o moco a [alguén]** l.v. Caerlle o moco a unha persoa. *¡Cáeme o pito co frío que vai! // ¡Asoa a teu neto, píngalle o pito! // ¡Ó neno píngalle o moco! Debeuno de colle-lo frío no campeiro.*
114. **cala-la boca** l.v. Non falar, estar en silencio. *¡Cala a boca! Non digas máis nada que cada vez empeoras máis o tema.*
115. **canta-las corenta** l.v. Chamarlle seriamente a atención, poñerlle as cousas claras. *Estragoume o que lle emprestei. Cando o vexa, heille de canta-las corenta.*
116. **carga-lo carro (de máis)** l.v. Molestar a alguén; acabarlle coa paciencia. *a) Métese con el, ándalle cargando o carro, e vaille zoscar. b) Cargou o carro de máis e logo tivo que vir a pé porque o revisor botouno do coche.*
117. **catarlle as pulgas a [alguén]** l.v. Mallar, zoupar a alguén. *Pedro catoulle as pulgas a Xoán pola trastada que lle fixera.*
118. **catarlle os piollos a [alguén]** l.v. Mallar, zoupar a alguén. *¡Cátalle os piollos, meu fillo, e verás como non se volve a meter contigo!*
119. **cegar dun ollo pra non ve-lo veciño** l.v. Perder un pra que o outro perda máis. *Cando fixeron a estrada, Xosé perdeu un anaco de terra pra facer perder moito máis ó veciño. Hai quen cega dun ollo pra que non vexa o veciño.*
120. **chegar ás mans** l.v. Pelexar. *Discutiron e chegaron ás mans. A liorta rematou cos dous no hospital.*
121. **chegarlle a auga ó pescozo a [alguén]** l.v. Atoparse nunha situación límite, de apuro. *Cando caeu no furado chegoulle a auga ó pescozo, pois pensou que non daba saído.*
122. **chora-los sete chorares** l.v. Chorar moito. *¡Ó saber que marchara, chorou os sete chorares!*
123. **chove-lo chovido e o por chover** l.v. Chover moito. *Onte, na Coruña, choveu o chovido e o por chover. ¡Corría a auga como se fosen ríos polas rúas!*
124. **coller / ter [alguén] de ollo** l.v. 1. Co vbo *coller* significa empezar a ter aversión a unha persoa. *Colleuno de ollo e, agora, non lle pode dicir nada que llo toma a mal. 2.* Co vbo *ter* significa manter esa aversión a unha persoa. *¡Non o deixa en paz, teno de ollo! Cada vez que o pilla no recreo non o deixa xogar a nada.*
125. **collerlle / terlle collido o tempero a [algo] / [alguén]** l.v. 1. Saber levar ben a outra persoa; facerse co manexo dunha máquina, útil ou ferramenta. *Colleulle o tempero á súa nai e fai dela o que quere. // Regalámoslle un móvil á miña avoa e colleulle o tempero rapidamente. ¡Ata lle instala aplicaciós!* 2. Ter dominado a alguén, saber como vai actuar ou xa saber manexar unha ferramenta. *¡A nora tenlle collido o tempero á sogra e fai dela o que quere!*
126. **comer cos ollos [alguén]** l.v. Ameazar coa ollada. *¡Os novos*

veciños non nos miran ben, parece que comen a un cos ollos!

127. **comer coma unha lima** l.v. Comer moito. *¡Os nenos do veciño comen coma limas, non deixan nada no prato!*
128. **comer coma un crego** l.v. Comer moito e ben. *¡Nese restaurante a xente come coma cregos! Todo o mundo sae satisfeito.*
129. **comer coma un descosido** l.v. Comer moito. *Os traballadores comen coma descosidos, pois o esforzo da mañá foi grande.*
130. **comer coma un lobo** l.v. Comer moito. *Cando chegaron os troiteiros comían coma lobos, pois o río dá fame.*
131. **comer coma un pepe / cura** l.v. Comer moito. *Cando chegaron, os troiteiros comeron coma pepes, coma curas,a fartar. b))¡Comín coma un cura na casa de miña nai!*
132. **comer máis cos ollos que coa boca** l.v. Desexar alguén máis comida ou alimento do que precisa. *¡Os nenos da túa irmá comen máis cos ollos que coa boca, enchen o prato e logo deixan a metade!*
133. **cortarlle un traxe a [alguén]** l.v. Criticar a unha persoa. *¡Cortoulle un traxe a súa sogra, que como o saiba bótao da casa!*
134. **cravárselle unha espiña a [alguén]** l.v. Ser preguiceiro, non querer traballar. *¡Crávaselle unha espiña cada vez que ten que ir ó lindeiro coas vacas*
135. **doerlle a espiña a [alguén]** l.v. Ser preguiceiro, non querer traballar. *¡Lois non quere traballar, dóelle a espiña!*
136. **cuspir pra arriba** l.v. Amosar unha soberbia que acaba traendo consecuencias negativas. *Non se decatan de que cospen pra arriba cando falan mal da súa familia.*
137. **custar Roma con Santiago** l.v. Ter moita dificultade. *¡Face-la casa ha custar Roma con Santiago, tal e como temos a nosa economía!*
138. **custar un ollo da cara** l.v. Ser cara unha cousa. *¡É moi bonita pero ha custar un ollo da cara! Non creo eu que sexa moi barata.*
139. **da-la cara** l.v. 1. Afrontar con responsabilidade e / ou valentía unha situación. *É mellor da-la cara e dicir que fomos nós os que rompémo-lo cristal xogando á pelota. // ¡Se é tan valente que dea a cara, e que asuma a súa responsabilidade! // Teu irmán non é quen de da-la cara despois do que fixo.*
140. **dar couces contra as paredes** l.v. Ser moi cabezán. *Non o desmontas por moito que lle digas que é así. ¡Dá couces contra as paredes!*
141. **dar leite sen becerro** l.v. Estar moi canso. *Veño de cava-la roza e estou que dou o leite sen becerro. ¡ Non me teño de pé!*
142. **dar máis lata ca un sacamoas** l.v. Ser un pesado. *¡Para xa de falar, dás máis lata ca un sacamoas. Lévasme tola a cabeza!*
143. **dar máis voltas ca un muíño de vento / ca unha noria** l.v. Non parar, dar moitas voltas para facer algo. *a) ¡Para xa e céntrate no traballo. Dás máis voltas ca un muíño de vento! b) Dás máis voltas ca unha noria pra comezar a traballar e tes todo ó teu carón.*
144. **dar pé a [algo]** l.v. Da-la oportunidade de facer algo. *Deu pé e faleille do tema. ¡Aproveitei!*

145. **dar xenio a [alguén]** l.v. Agradar moito. *É unha tecelá estupenda. ¡Dá xenio vela!*
146. **darlle na alma [algo] a [alguén]** l.v. Ter un presentimento. *a) Sei que vai pasar algo. ¡Dámo na alma! b) ¡Dábamo na alma que íades ter un accidente! *Gracias a *Dios non pasou nada.*
147. **darlle no corpo [algo] a [alguén]** l.v. Ter un presentimento. *a) ¡Algo malo vai pasar, dámo o corpo! b) ¡Dábamo no corpo que alguén da familia ía morrer!*
148. **darlle mala espiña [algo] / [alguén] a [alguén]** l.v. Recear dunha situación. *¡Ese rapaz co que sae María dáme mala espiña! Veremos como acaban.*
149. **darlle á *lengua / ser moi amigo de darlle á *lengua** l.v. Falar de máis. Non saber gardar un segredo. *a) ¡Ó meu avó gústalle darlle á *lengua e fala con todo o que atopa! b) ¡Ten coidado co que lle contas, é moi amigo de darlle á *lengua!*
150. **darlle á palleta** l.v. Conversar. *Gústalle darlle á palleta e para con todo o mundo a falar polo camiño cara o traballo. Sempre chega tarde.*
151. **darlle a vida a [alguén]** l.v. Valer ou axudar. *¡A neta dálle a vida a súa avoa, moito lle axuda!*
152. **darlle igual [algo] a [alguén]** l.v. Serlle indiferente, non importarlle. *Dáme igual toma-lo leite con café ou con chiculate, gústanme os dous.*
153. **darlle mil voltas a [alguén]** l.v. Ser moito mellor. *O fillo dálle mil voltas ó pai arranxando tractores.*
154. **darlle ó raposo a coida-las galiñas** l.v. Poñe-las cousas en mans de persoas pouco recomendables. *¡Co que lle gustan os doces déixano coidando deles, é coma darlle ó raposo a coida-las galiñas!*
155. **darlle pola barba ó sapo** l.v. Ser baixo de estatura. *¡Si, es tan alto que lle dás pola barba ó sapo!*
156. **darlle que dicir a [alguén]** l.v. Ser obxecto de comentarios ou críticas. *Co seu comportamento dan que dicir á xente. ¡Poderían ser máis recatados!*
157. **darlle que falar a [alguén]** l.v. Ser obxecto de comentarios ou críticas. *¡Andan de troula toda a noite e dan que falar!*
158. **darlle un dedo a [alguén] e pillar unha man / darlle unha man a [alguén] e pillar un brazo / darlle unha man a [alguén] e colle-lo brazo enteiro** l.v. Abusar da confianza. *a) ¡Ós nenos non lles des confianza, que lles dás un dedo e pillan unha man! b) ¡Teño uns veciños que lles dás unha man e pillan un brazo, hai que ter coidado con eles! c) Non saben onde están os límites da confianza, pois lles dás unha man e cóllenche o brazo enteiro.*
159. **dar [algo] por feito** l.v. Dar por seguro algo. *¡O tema da compra do piso dáse por feito!*
160. **darse moita maña** l.v. Ser un arteiro. *O rapaz dáse moita maña manexando o tractor.*
161. **deitarse coas galiñas** l.v. Irse cedo á cama. Deitarse cedo. *Aínda non escureceu e xa se vai á cama. ¡Déitase coas galiñas!*
162. **desfacerse en bágoas** l.v. Chorar moito. *¡Desfíxose en bágoas cando o veu partir pra Cuba!*
163. **dobrega-lo espiñazo** l.v. Face-lo esforzo necesario para rematar con éxito un traballo. Esforzarse, traballar duro. *Está tan afeito a que llo fagan*

que agora non quere dobrega-lo espiñazo.

164. **durmir cos ollos abertos coma as lebres** l.v. Estar á espreita. *Ten un sono moi lixeiro e dorme cos ollos abertos coma as lebres, calquera ruído o desperta.*
165. **encher (ben) o papo** l.v. Comer ben. *a) Veu o crego xantar e encheu o papo. ¡Ía que non lle cabía máis! b) ¡Os políticos enchen ben o papo coas comisiós que reciben!*
166. **ensina-la andadura a un cabalo vello** l.v. Ensinar ó que xa sabe. *¡Non me digas o que teño que facer pra arranxa-lo coche. Non pretenderás ensina-la andadura a un cabalo vello!*
167. **esfolar unha cabra con [alguén]** l.v. Tratar ou falar dun asunto con alguén sen présa e devagar. *Esfolar unha cabra* é arrincarlle o pelexo e este traballo leva un certo tempo. *Teño que falar contigo. ¡Ven acó, que ti e mais eu temos que esfolar unha cabra!*
168. **esmendrellarse coa / de risa // partirse de / á risa // escangallarse coa risa // rebentar coa risa** l.v. Rir moito, sen parar. *a)¡Esmendrellábase coa / de risa ó escoita-lo imitador na radio! b) ¡Esmendrellábase de risa cando rematei de conta-lo chiste! c) ¡Cando caín de cu, o neno escangallábase coa risa! d) ¡Partíase de / á risa cando soupo a broma que lle fixeron a seu irmán na voda. e) ¡Case que rebenta coa risa cando veu a película cómica!*
169. **espir un santo pra tapar outro / descubrir un altar pra tapar outro** l.v. Arranxar unha situación causando un problema. *Sacou o testo do pote pra poñerllo á pota grande. ¡Espeu un santo pra tapar outro! // ¡Pedirlle o coche a Lois para deixarllo a María é descubrir un altar pra tapar outro!*
170. **estar a fartar** l.v. Estar cheo e non querer comer máis. *¡Non quero máis caldo, estou a fartar!*
171. **estar agardando no quilómetro** l.v. Ameazar. *¡Agora podes fuxir pero eu estarei agardando no quilómetro e xa te pillarei noutra ocasión!*
172. **estar ben forrado** l.v. Ter moitos cartos. *Estivo en Cuba e está ben forrado. ¡Ten moitas propiedades!*
173. **estar / ser cortados polo mesmo patrón** l.v. Seren iguais ou similares [varias persoas]. *Son moi amigos e teñen moitos puntos en común. ¡Están cortados polo mesmo patrón! // Se un é malo o outro é peor. ¡Están / son cortados polo mesmo patrón! Non teño moito onde escoller.*
174. **estar de volta e media** l.v. Estar informado ou ser xa coñecedor de algo. *¡Está de volta e media de que súa filla ten mozo!*
175. **estar feito un mar de bágoas** l.v. Chorar moito. *¡Agora é mellor que non fales con el. ¡Está feito un mar de bágoas! A nova afectouno moito.*
176. **estar feitos do mesmo pano** l.v. Seren semellantes ou iguais. *¡María e Manuel están feitos do mesmo pano! Se un é bon, o outro aínda o é máis.*
177. **estar na horta e non ve-las coles / verzas** l.v. Estar moi despistado, non ve-lo que temos ó noso carón. *Telo diante e non o ves. ¡Estás na horta e non ve-las coles / verzas! ¡Andas despistado.*
178. **estar / ir aviado** l.v. Encontrarse nunha situación difícil ou comprometida. *a) ¡Está aviado despois do que fixo, agora que asuma*

as consecuencias! b) ¡Vai aviado se coida que o xuíz o vai a soltar!

179. **facela boa** l.v. Facer algo prexudicial para os intereses propios ou alleos.*¡Fixéchela boa! Agora vai pensar que fun eu o que lle gastei a broma.*
180. **facer bon de [alguén]** l.v. Conseguir dobregar ou que alguén abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Este rapaz non leva boas maneiras ¡Non se dá feito nada bon del!*
181. **facer coma que non oe** l.v. Non querer escoitar. *¡Cando se fala de algo que non lle convén, fai así coma que non oe!*
182. **facer como ó que lle poñían os santos óleos na man e dicía que lla untasen por fóra** l.v. Ser coreño, avarento. *Confórmate co que tes. Na vida non hai que acaparalo todo. Ti has de facer como ó que lle poñían os santos óleos na man e dicía que lla untasen por fóra.*
183. **facer da súa capa un saio** l.v. Ser libre de tomar decisións ou face-lo que lle veña en gana. *Ante semellantes circunstancias... ¡cada un que faga da súa capa un saio, e logo que non se queixe!*
184. **facer de [alguén] un pandeiro** l.v. Tratar desconsideradamente a outra persoa; tela dominada. Tamén se pode aplicar a cousas e, nese caso, significa ter dominio absoluto sobre elas. *a) A empresa fai de nós un pandeiro: só mira a conta de resultados. b) Cando me preguntou por que vendín a leira tan barata, díxenlle: - ¡Cada un pode facer do seu un pandeiro!*
185. **facer eses** l.v. Estar bébedo. *a) ¡Non vai andando normal, anda a facer eses. O malo é que pode caer! b) ¡Anda facendo eses pola estrada! Chamarei a Tráfico.*
186. **facer igual cás galiñas, que morren pensando que algún día lles han de saí-los dentes** l.v. Ter esperanza de que acontezan cousas imposibles. *¡Ti has de facer igual cás galiñas, que morren pensando que algún día lles han de saí-los dentes! Non agardes máis por ela, non volverá.*
187. **facerlle / plantarlle cara a [alguén]** l.v. Non afrontar algo. *a) Non é quen de facerlle cara ó asunto do fillo, debera pensalo antes. b) A situación fóiselle das mans e agora non é quen de plantarlle cara.*
188. **facerlle frío a [alguén]** l.v. Saír mal parado. *¡Quíxolle adiantar na curva e fíxolle frío! Case se mata.*
189. **facerlle o conto a [alguén]** l.v. Adular alguén por interese. *¡Faille o conto ó teu sogro e que che deixe a mellora!*
190. **facerse obra de [alguén]** l.v. Conseguir dobregar ou que alguén abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Non se fai obra del! Como siga así non ten moito futuro.*
191. **fala-los sete falares** l.v. Falar moito. *A neniña non falaba e levárona ó santo. ¡Agora fala os sete falares!*
192. **falar pola boca doutro** l.v. Dici-lo que outro dixo anteriormente. *¡Fala pola boca doutro cando conta o que lle pasou ó seu curmán en Venezuela! Contoullo el.*
193. **falar por falar** l.v. Comentar algo por pasa-lo tempo. *a) ¡Acó, agardando, fálase por falar, pra que pase mellor*

o tempo! b) ¡Todo o que che dixen é falar por falar, pois todo depende dos acontecementos! c) ¡Fala por falar, pois el non o ten moi claro tampouco!

194. **falar por non estar calado** l.v. Falar por pasa-lo tempo. *a) Mentres agardan na consulta falan por non estar calados de temas intranscendentes. b) ¡É falar por non estar calados, xa que o tema non é moi importante!*
195. **falar por sete** l.v. Falar moito. *¡O fillo de Xoán fala por sete! Non che deixa dicir nada.*
196. **faltarlle unha fervedura a [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. *¡Ó rapaz da miña curmá fáltalle unha fervedura!*
197. **faltarlle unha primaveira a [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. *¡Ó veciño de Pepe fáltalle unha primaveira, vendo o que fixo!*
198. **fungar coma o gato** l.v. Tirar polos mocos cara arriba. *¡Deixa de fungar coma o gato e soa eses mocos!*
199. **fuxir batendo coas zocas no cu** l.v. Escapar ou fuxir rapidamente. *Pillou tanto medo na noite que fuxeu batendo coas zocas no cu. Non sei como chegaría á casa.*
200. **haber barro na costa** l.v. Atopar dificultades, atrancos para facer algo. *¡Haiche barro na costa! Non vai ser doado face-lo traballo.*
201. **haber gato por lebre [nun lugar]** l.v. Haber un engano. *Non me fío moito do tendeiro. ¡Acó hai gato por lebre! Mira ben a mercadoría.*
202. **haber roupa ó sol / tendida / estendida** l.v. Haber persoas diante que non poden saber do que se está a falar. *a) ¡Non fales de mulleres que hai roupa ó sol! b) ¡Ten coidado co que dis do Deportivo que hai roupa tendida! c) ¡Hai roupa estendida, tenta co que dis sobre a súa irmá!*
203. **ir na misa** l.v. Haber tempo que pasou un acontecemento. *¡Vaiche na misa que morreu meu avó, xa case eu non me lembro!*
204. **ir indo / tirando** l.v. Resistir a pesar das dificultades. Irlle a alguén regular na vida, nin moi ben nin moi mal. *a)¡Vou indo, non me podo queixar, recupero bastante ben! b)¡Vou tirando, aínda que ás veces me doe algo! c)¡Imos indo, non nos podemos queixar moito! d)¡Se non hai contratempos, imos tirando!*
205. **ir por la e volver *trasquilado** l.v. Saír mal parado dun asunto. *¡Estívolle ben por ir mercalo a Ferrol. Foi por la e veu *trasquilado! O que lle venderon alí pouco lle durou.*
206. **ir un frío que nin os cas paran** l.v. Estar moi baixa a temperatura. *¡Saín fóra e case me quedo teso. Vai un frío que nin os cas paran!*
207. **lambe-la vaca marela [alguén]** l.v. Ir moi peiteado. *Vas moi peiteado á misa. ¡Semella que te lambeu a vaca marela!*
208. **ler en [algo] coma nun libro aberto** l.v. Coñecer moi ben a alguén. *Sabela sabía de antemán o que ía facer e dicir Miguel. ¡Le nel coma nun libro aberto!*
209. **leva-los pantalós / calzós na casa** l.v. Mandar, te-la autoridade. *a) Díxolle que o fixese e fíxollo caladiño ¡Vese que leva os pantalós! b) A muller é a que toma as decisión nesa casa ¡Ela é a que leva os calzós na casa!*
210. **mandar un Cristo ó ceo** l.v. Enfadarse moito. *Cando soubo do acontecido mandou un Cristo ó ceo. Logo, foise calmando.*

211. **mazar en ferro frío** l.v. Insistir inutilmente, sen resultado. *É inútil razoar con el. ¡É coma mazar en ferro frío! Non atende a razóns.*
212. **medi-las costelas / costas** l.v. Baterlle a alguén. *Na pelexa medíronse as costelas e houbo un ferido.*
213. **medrarlle a vela a [alguén]** l.v. Coller forzas. *Foi dicirllo e medroulle a vela. ¡Non cabía de contento coa nova!*
214. **mentir máis que falar** l.v. Mentir moito, non dici-la verdade. *¡Ese político fala moi ben, pero minte máis que fala sobre o tema das comisións!*
215. **meter baza** l.v. Intervir nunha conversa ou situación. *¡As mulleres cando falan de gastronomía non deixan meter baza! Elas saben máis cós homes.*
216. **mete-los cas á bouza / encirra-los cas** l.v. Arma-las leas e que as resolvan os demais. *a) ¡Antón é moi amigo de mete-los cas á bouza! Logo teño que ir eu resolverlle os problemas. b) ¡É moi amigo de encirra-los cas e logo que cargue eu coas consecuencias!*
217. **mete-los fuciños onde non o / a chaman** l.v. Meterse nas cousas dos demais sen consentimento. *¡As persoas curiosas coma el, meten os fuciños onde non os chaman! Todo o queren saber.*
218. **meter / dar gato por lebre** l.v. Tratar de enganar. *Intentáronme meter gato por lebre, cando me quixeron vender un bolso de polipel por pel.*
219. **meterse o demo en [alguén]** l.v. Non ir polo bon camiño. *¡Meteuse o demo nela e tirouse á bebida!*
220. **molla-la palleta** l.v. Beber con insistencia. *Molla-la palleta* é "beber". Cando se emprega coa perífrase *andar a* + [infinitivo] indica reiteración. ¡Anda a molla-la palleta na cantina tódalas mañás!
221. **morrer coma un can (da rabia)** l.v. Morrer con moita dor. *a) ¡Morreu coma un can! Só e adoecendo coa dor b) Tiña tanta dor cando finou que morreu coma un can da rabia.*
222. **movérselle o barco a [alguén]** l.v. Non mante-lo equilibrio por ir bébedo *¡Lois vén pola rúa e móveselle o barco! Debeu de pasar pola cantina.*
223. **nacer de pé** l.v. Ter boa sorte. *¡Xosé naceu de pé! Tocoulle o gordo da lotería.*
224. **nin comer nin deixar comer** l.v. Dubidar. *É incapaz de tomar unha decisión. ¡Nin come, nin deixa comer!*
225. **nin facer nin deixar facer** l.v. Dubidar. *¡A túa nai nin fai, nin deixa facer! Levo horas intentanto sabe-lo que teño que facer.*
226. **non atar nin desatar** l.v. Ser indeciso. *¡No tema do casoiro teu pai nin ata nin desata! O noivo non sabe que facer.*
227. **non branquearlle o pelo a [alguén] por [algo]** l.v. Ser, para alguén, asunto de pouca importancia. *Fai o que teñas que facer na entremedia das terras, que por isto non nos ha de branquea-lo pelo.*
228. **non chover como chovía** l.v. Cambia-las cousas ou situacións. *¡No tema do xuízo xa non chove como chovía! A cousa vaise aclarando.*
229. **non cocerlle o corpo [algo] a [alguén]** l.v. Ter unha preocupación. Estar inquedo. *a)¡Non mo coce o corpo, teño que me informar de que vai o asunto! b)¡Non mas coce o corpo, teño que ir velo e saber como está meu pai!*

230. **non dar pé con bola** l.v. Non atinar. *¡No xogo da petanca non dá pé con bóla! E vai perdendo.*
231. **non dar un chío** l.v. Estar calado, non amolar. *¡Son tan boíños que non dan un chío! Calquera pode quedar con eles.*
232. **non dar unha fala** l.v. Ser calado. *¡Os teus veciños son moi calados, non dan unha fala!*
233. **non dar unha no cravo** l.v. Non atinar ou non saber face-las cousas *¡O adiviño moi bon non é, non dá unha no cravo! Saíu todo ó revés do que predixo.*
234. **non darlla ninguén a [alguén]** l.v. Ser difícil de enganar. *Sei moi ben de que vai o tema. ¡A min non ma dá ninguén!*
235. **non estar católico** l.v. Estar enfermo. *¡Non está católico, hai que chama-lo médico!*
236. **non esta-lo forno pra bolos** l.v. Estar enfadado. *Non lle digas a teu pai que queres casar. ¡Non está o forno pra bolos!*
237. **non facer cousa ó dereito** l.v. Face-las cousas mal. *¡Túa irmá non fai cousa ó dereito! Estragou máis do que fixo.*
238. **non ir no carro de [alguén] á misa** l.v. Non resultarlle a alguén unha persoa simpática ou de fiar. *Non fai máis que amolar e interromper. ¡Ese no meu carro non vai á misa!*
239. **non irlle ó rego a [alguén]** l.v. Non ser do agrado. *A noiva de teu irmán non lle vai ó rego a túa nai. Dixo que non lle gustaba.*
240. **non pasar fame** l.v. Estar gordo. *¡Estas vacas non pasan fame! Vese que están ben mantidas.*
241. **non pestanexar** l.v. Estar atento. *¡Está tan atento ó programa que non pestanexa!*
242. **non poñerlle [ninguén] o pé diante a [alguén]** l.v. 1. Ser moi bo en algo e non ter rival. *Ó oficial deste taller non hai avaría que se lle resista: ninguén lle pon o pé diante* 2. Non ter medo a ninguén. *Pódenlle critica-lo que queiran que, como teña decidido algo, a el ninguén lle pon o pé diante.*
243. **non saír do rabo / pé de [alguén]** l.v. Andar pegado a alguén. *a) ¡O canciño non sae do rabo dun, aínda o hei de pisar! b)¡Ten tanto medo que non sae do pé dun!*
244. **non ser trigo limpo** l.v. Non ser de fiar. *¡O amigo de teu irmán non é trigo limpo! Non confío moito nel.*
245. **non ser ben acabado / non ser ben do tempo de [alguén] / non ser ben do día de [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. *a) O rapaz non é ben acabado, polo que non lle tóme-las cousas a mal. b) Non é ben do seu tempo e por iso non respondeu correctamente. ¡Non llo teñas enconta! c) Non é ben do seu día, por iso dixo o que dixo.*
246. **non ter pés nin cabeza** l.v. Sen sentido. *O asunto non hai por onde collelo ¡Non ten pés nin cabeza!*
247. **non ter avoa** l.v. Chufarse a si mesmo. *Como non hai quen o chufe, chúfase el ¡Non ten avoa!*
248. **non ter ganas de lerias / contos** l.v. Non estar de bo humor. *a)Por favor, non amoles ¡Non ten teño ganas de lerias! b)¡Non teño ganas de contos! Polo que estén calado mentres traballo.*
249. **non ter lixos na lingua** l.v. Dici-las cousas sen reparos. *Dixo o que tiña*

que dicir ¡Non ten lixos na lingua! Fala alto e claro do tema.

250. **non ter máis ca ollos** l.v. Ser moi delgado de cara. *¡O fillo de teu irmán non ten máis ca ollos! Debería engordar un chisco.*
251. **non ter papas na boca** l.v. Ter facilidade de palabra. *Ese político non ten papas na boca á hora de comenta-lo programa.*
252. **non ter que levar á boca** l.v. Non ter que comer. *¡E tan pobre que non ten que levar á boca!*
253. **non ter un can** l.v. Non ter nada en propiedade. *¡Non ten un can! Gastou todo canto tiña en viaxes e festas.*
254. **non ter moito sentido** l.v. Ser un veleta, un informal. *O que me estás a contar, moito sentido non ten. Se cadra, estás errado.*
255. **non ter xeito** l.v. Non ter sentido. *a) A vida que levas non ten xeito. Deberías tratar de cambiala. b) Non ten moito xeito facelo desta maneira; mellor probemos destoutra.*
256. **non ter xeito nin traza** l.v. Non ter sentido. *Non ten xeito nin traza face-lo muíño tan lonxe do río.*
257. **non terse de pé** l.v. Estar moi canso ou moi enfermo. *¡Dóeme tanto a cabeza que non me teño de pé!*
258. **non tirarlle da lingua a [alguén]** l.v. Tratar de facer falar a unha persoa de algo que non quere, incitar a contar algo de xeito disimulado. *Non hai que tirarlle da lingua a Pedro, pois xa o conta só.*
259. **non tronar como tronaba** l.v. Mellora-la situación. *Cando comecei, o traballo parecíame moi difícil, agora xa non trona como tronaba.*
260. **non valer nin farrapo de gaita** l.v. Valer moi pouco. *¡Esta ferramenta non vale nin farrapo de gaita! Debíches mercala nos chinos.*
261. **non valer un can** l.v. Non servir para facer algo ou valer moi pouco. *É un fopeiro ese mozo que tes. ¡Non vale un can!*
262. **non ver(se) un burro a tres pasos** l.v. Ter dificultades de visión e andar despistado. *Tropeza con todo. ¡Non ve un burro a tres pasos! Debería consultarse. // ¡Hai tanta néboa que non se ve un burro a tres pasos! Non sei onde está a mediana da estrada*
263. **non ser toco** l.v. Ser moi hábil, arteiro. *A avaría era grande, mais o técnico non é toco e xa está rematando de arranxala.*
264. **oír campás e non saber onde** l.v. Ter unha noticia inconcreta e vaga dalgún asunto; estar despistado. *¡Este é dos que oe campás e non sabe onde! Non se entende nada.*
265. **pagar xustos por pecadores** l.v. Sufri-las consecuencias dalgunha cousa na que non tomamos parte. *¡Sempre pagan xustos por pecadores! Leva a culpa sen estar alí.*
266. **parecer que as trae / torce o demo** l.v. Saí-las cousas mal. *a) Ultimamente as cousas non saen moi ben ¡Parece que as trae o demo! b) Outra vaca máis enferma. ¡Parece que as torce o demo!*
267. **parecer que veu unha (mala) meiga a [alguén]** l.v. Pasar unha mala época. Na fala local o perfecto de *ver* é *veu. a) Non paro de arranxar avarías na casa. ¡Parece que me veu unha meiga! b) O home non dá saído pra diante co negocio. ¡Parece que o veu unha mala meiga!*
268. **parti-la crisma** l.v. Baterlle a alguén. *Parteulle a crisma por non solucionaren unha débeda.*

269. **pasalas negras** l.v. Pasar por unha mala situación. *¡Pasounas negras cando marchou a Cuba na súa xuventude!*
270. **pasa-las de Caín** l.v. Pasar por unha mala situación. *¡Pasou as de Caín na mili en África! A calor e a fame case acaban con el.*
271. **pasarlle a man polo lombo a [alguén]** l.v. Facerlle o conto a alguén. *Pásalle a man polo lombo e dille o que quere escoitar, se pretendes que te axude.*
272. **pasarlle o sol pola porta a [alguén]** l.v. Perde-la oportunidade. ¡*Pasoulle o sol pola porta e agora xa é tarde pra ter fillos!*
273. **pecha-lo pico** l.v. Cala-la boca, deixar de falar. *Non fas máis que interromperme. ¡Pecha o pico*!
274. **perder / irselle a forza pola boca** l.v. Ameazar con facer e, logo, non facer. *a)¡Fala moito e fai pouco. Perde a forza pola boca! b)Moito falar e pouco obrar. Vaiselle a forza pola boca, e ten as cousas sen facer.*
275. **pillalas no aire** l.v. Ser moi intelixente. *¡O meu neto píllaas no aire! Cousa que ve facer, cousa que fai.*
276. **pillar unha chea / tranca / cogorza** l.v. Beber de máis, embebedarse. *a)¡Pillou unha chea, que non soupo onde pasara a noite! b)¡Pillou unha tranca que logo tivérono que traer á casa! c)¡Pillou unha cogorza que hoxe aínda lle doe a cabeza!*
277. **pillar unha molleira** l.v. Mollarse moito. *¡Saíu sen paraugas e pillou unha molleira! Agora está arrefriado.*
278. **pillar unha mona** l.v. Coller un bo catarro. *¡Convidárono a beber e pillou unha mona! Non soupo parar a tempo.*
279. **poder andar polo seu pé** l.v. Valerse por un mesmo. *Aínda que ten noventa e nove anos, pode andar polo seu pé. ¡Ten unha saúde de ferro!*
280. **poder aínda coa metade menos** l.v. Pesar moito unha cousa. *¡Como pesa este *mueble! ¡Inda podía coa metade menos!*
281. **poñer a caer dun burro [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *Como non estaba, puxérono a caer dun burro. Dixeron del o que quixeron.*
282. **poñer a caldo [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Puxérono a caldo! Sacáronlle tódolos trapos sucios do seu pasado.*
283. **poñer a pan pedir [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Non lles cae moi ben e puxérono a pan pedir! O pobre non se defendeu.*
284. **poñer feito uns farrapos [alguén]** l.v. Salir mal parado dunha pelexa. *¡Puxérono feito uns farrapos! Zoupáronlle en todo o corpo e tiña varias contusións.*
285. **poñer negro [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Puxérono negro! Non deixaron nada da súa vida sen comentar.*
286. **poñer pingando / a pingar [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Porque é boa persoa, puxéronno pingando! Deume pena e defendino. // Alí puxérono a pingar, dende que era pobre ata que era mala persoa.*
287. **poñe-lo carro diante dos bois** l.v. Face-las cousas ó revés. *Non apures que po-lo carro diante dos bois. ¡As cousas fanse con tino!*
288. **poñe-lo traxe dos domingos / de ir á misa** l.v. Vestir ben, vestir mellor que a diario. *a) Hoxe pareces outro, puxéche-lo traxe dos domingos. ¡Non hai quen te coñeza! b)Hoxe nin*

os teus cas te coñecen. ¡Puxéche-lo traxe de ir á misa!

289. **prender na fala** l.v. Tatexar. *Non lle entendín moi ben o que dixo. ¡Prende na fala!*
290. **quenta-la badana a [alguén]** l.v. Baterlle a alguén. *Acabou coa súa paciencia e quentoulle a badana.*
291. **quentarlle a cabeza a [alguén]** l.v. Amolar, causar molestia con peticións ou na conversa. *Non me quénte-la cabeza pedíndome que che merque a bicicleta. ¡Non hai cartos!*
292. **quentarlle o forno a [alguén]** l.v. Amolar, enfadar a alguén. *¡Quéntanlle a un o forno e logo non queren sufri-las consecuencias!*
293. **quentárselle os fumes a [alguén]** l.v. Enfadarse. *¡Quéntanselle os fumes con moita facilidade, hai que tentar co que se lle di!*
294. **quitarlle as espiñas a [algo]** l.v. Eliminar atrancos. *Súa nai quítalle as espiñas sempre, así non logrará facer un home del.*
295. **sabe-lo demo [algo]** l.v. Non coñece-la resposta ninguén dos presentes. *- Quen foi o que estragou o carro?- ¡Sábecho o demo!*
296. **saber de que pé coxea [alguén]** l.v. Coñece-lo punto feble de alguén. *¡Saben de que pé coxea e sempre conseguen del o que queren!*
297. **saírlle a porca capada a [alguén]** l.v. Saí-las cousas mal, como non agardabamos que nos saíran. *¡Saleuche a porca capada, pensaches que ías gañar moito coa compra e perdíche-la metade!*
298. **se non fora por [alguén]** l.v. Ameazar con freo. *¡Se non fora por *Dios, agora mesmo partíache os dentes!*
299. **se-lo vivo retrato de [alguén]** l.v. Ser igual ca un familiar. *¡És o vivo retrato do teu pai! Te-la mesma cara e o mesmo carácter.*
300. **ser (tan bon) coma o ano que non hai que mallar** l.v. Ser moi malo. *a) ¡O teu irmán é coma o ano que non hai que mallar! Máis malo non pode ser. b)¡Pedro é tan bon coma o ano que non hai que mallar! Con persoas coma el, escusamos ter inimigos.*
301. **ser un mundo** l.v. Ser algo complexo ou presentar variedade *¡Aquel xornal é un mundo! Ten moitísimos departamentos e empregados.*
302. **ser bon pra ir pola morte** l.v. Tardar moito en face-las cousas. *¡O teu irmán é bon pra ir pola morte! Pra ir buscar un libro leva alá dúas horas.*
303. **se-la cariña do pai / da nai** l.v. Ter parecido co pai ou coa nai. *A miña filla tivo unha nena. ¡É a cariña do seu pai!*
304. **ser coma a caracola, canto ten, canto arrola** l.v. Gastar sen control. *¡A túa irmá é coma a caracola, canto ten, canto arrola! Non hai carto que lle chegue.*
305. **ser coma o porquiño de san Antón** l.v. Mancharse ó comer. *¡O meniño é coma o porquiño de san Antón! Ten a cariña toda chea de chiculate.*
306. **ser coma o que quería ir na procesión, leva-lo santo e toca-las campás** l.v. Querer acaparar todo, estar en todas partes. *Polo que vexo ti es coma o que quería ir na procesión, leva-lo santo e toca-las campás. Tes que estar en todas partes e dirixilo todo.*
307. **ser coma o que ten *tos e rasca a barriga // ser coma o que tose e rasca a barriga // ser coma ter *tos e rasca-la barriga** l.v. Non se-la

solución apropiada. *a) ¡Esa solución é coma o que ten *tos e rasca a barriga! Terás que darme outra máis axeitada. b) Tratar de cura-la gripe cun ponche é coma o que tose e rasca a barriga! c) ¡Tratar de evita-la fuga de auga cun pano... iso é coma ter *tos e rasca-la barriga! Non é a solución, haberá que chamar a un fontaneiro.*

308. **ser coma os de Labrada: canto di hoxe, mañá xa non é nada** l.v. Non ter palabra. *A palabra de Xosé é coma os de Labrada: canto di hoxe, mañá xa non é nada. Nunca te fies das súas promesas.*
309. **ser coma un sarillo** l.v. Ser inquedo. *¡A camareira é coma un sarillo! Móvese moi rápido e ten atendidas tódalas mesas.*
310. **ser coser e cantar** l.v. Ser doado, non ofrecer dificultade. *a) ¡Arranxa-lo enchufe é coser e cantar! Faise nun instante. b) ¡Soluciona-la avaría do coche foi coser e cantar! En cinco minutos estaba andando.*
311. **ser fillo do carto** l.v. Ser rico. *Mercou o mellor coche. ¡Ese é fillo do carto! Non ten moito problema.*
312. **ser (moita) hora de** + [inf. / subs. / fr.nom.] l.v. Ser inaprazable unha acción. *Vai sendo moita hora de que pares. ¡Parece que te-los relos! Acouga un anaco.*
313. **se-lo galo do galiñeiro** l.v. Se-lo único home entre as mulleres. Mandar un grupo de homes e mulleres. *¡Teu irmán na escola é o galo do galiñeiro! Tódalas rapazas están toliñas por el.*
314. **se-lo olliño dereito de [alguén]** l.v. Se-lo preferido. *¡A túa filla é o seu olliño dereito! Lévalle a oficina mellor que se el a levara.*
315. **ser sempre noite pra [alguén]** l.v. Durmir moito. Ser pobre. *Mira que hora é e aínda na cama. ¡Pra el sempre é noite!*
316. **ser un bon can // estar feito un bon can** l.v. 1. Gustarlle moito as mulleres a alguén. *O teu veciño é un bon can: anda con todas.* 2. Andar con moitas mulleres. *¡Estás feito un bon can: cada día andas con unha!*
317. **ser un dicir** l.v. Non ter intención, ser unha suxestión ou unha indicación. *¡O de ir de viaxe de traballo é un dicir! Imos pasalo ben.*
318. **ser un pobre das portas** l.v. Ser moi pobre. *Vive mal e aliméntase mal. ¡É un pobre das portas!*
319. **serlle hora a [alguén]** l.v. Saír apurado dun transo. *¡Foille hora! Fuxeu porque eran moitos a mallar nel.*
320. **sobrarlle a [alguén] os dedos dunha man pra contar [algo]** l.v. Ser pouca cantidade. *¡Os peixes que vas coller pra contalos, aínda me han sobra-los dedos dunha man!*
321. **soñar coma o porco farelo** l.v. Dici-las cousas sen xeito. *¡Soña coma o porco farelo! Non ten sentido todo o que di de como foi o accidente.*
322. **subirlle ás barbas a [alguén]** l.v. Estar fachendoso. Collerlle a medida a alguén. *¡O ter gañado no concurso subéuselle ás barbas, e agora non se che pode facer ningunha crítica que non as admite!*
323. **tapar un roto cun descosido** l.v. Arranxar un problema ocasionando outro. *Sacarlle o botón á camisa pra poñerllo a outra é tapar un roto cun descosido*
324. **tela alí** l.v. Esta-lo destino decidido. Normalmente o que se ten alí é unha desgraza ou mesmo a morte. *¡Ese*

era o seu destino. Tíñaa alí. Non hai nada que facerlle!

325. **te-la cara máis dura ca un lorcho** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña. *¡Fernando ten a cara máis dura ca un lorcho! Mira que chamarlle aquelo diante de todo o mundo*
326. **te-la cara máis dura ca un zapato** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña.*)¡Ten a cara máis dura ca un zapato! Bicouna sen a súa aprobación.*
327. **te-la cara máis dura có cemento armado** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña.*¡Ese amigo teu ten a cara máis dura có cemento armado, colleume o coche sen pedirmo!*
328. **ter na puntiña da lingua [algo]** l.v. Estar a piques de lembrar algo. *¡O nome de teu irmán téñoo na puntiña da lingua! Non mo digas, heime de acordar.*
329. **ter boa perda** l.v. Queixarse sen motivo ou razón. *¡Andaste a queixar do teu fillo e tes boa perda! É o mellor do grupo.*
330. **te-la bágoa / as bágoas na punta do ollo** l.v. Estar a piques de chorar. *¡Ten a bágoa na punta do ollo, polo que lle chamaches! Ela non o merecía.*
331. **te-la cabeza chea de fume(s) / aire** l.v. Ter ideas utópicas ou pouco razoadas. *a)¡O teu fillo ten a cabeza chea de fumes! ¡Mira que pensar en monta-lo negocio sen coñecelo! b)¡Polo que dixo, ten a cabeza chea de aire! Non se decata de que iso é imposible facelo.*
332. **te-la lingua moi longa** l.v. Falar mal de alguén. Non gardar segredo. *¡A túa irmá ten a lingua moi longa! Foi dicindo que a min me gustaba o curmán de Sara e non é certo.*
333. **te-la man pesada** l.v. Golpear con forza. *¡Non se pode xogar con el ás chulas! Ten a man pesada, e cada vez que me dá, dóeme moito.*
334. **ter boa man** l.v. Ter habilidade para realizar algo con éxito. Ter boa sorte, tamén, cando se refire ó xogo de cartas. *¡Ten boa man prós nenos, axiña se fixo coa clase!*
335. **ter moi mala lingua** l.v. Falar mal de alguén. *¡Non fales moito con ela, ten moi mala lingua; e mañá pode tocarche a ti!*
336. **ter moitos fumes na cabeza** l.v. Aparentar que se sabe moito. *¡Son mozos e teñen moitos fumes na cabeza! Se cadra cando medren, asentan.*
337. **te-lo formigo (no corpo) / formigueiro** l.v. Non parar. Ser inquedo. *Formigo* é unha patoloxía das vacas e doutros ungulados, que lles fai proe-los pezuños e andan cambiando seguido de posición dos pés: de aí o símil da inquedanza para un ser humano. *a) ¡Este neno ten o formigo no corpo!. b) O veciño ten formigueiro: non pode parar e está a facer cestos todo o día.*
338. **te-los relos** l.v. Ser moi inquedo. *Relos* é un equivalente a nervios. *Te-los relos!,* é o mesmo que "Es moi nervioso ou estás moi nervioso". Os relos son uns insectos que aparecen entre a herba e que, cando as vacas os comen, inchan e están inquietas. *¡Vai sendo moita hora de que pares, parece que te-los relos! Acouga un anaco.*
339. **ter que comer máis caldo** l.v. Non ter forza. *¡Pra poder erguer ese armario tes que comer máis caldo!*
340. **ter tanta fame que xa non ve** l.v. Ter moita fame. *¡Levo tres días sen probar bocado, teño tanta fame que xa non vexo!*

341. **ter tanta fame que adoece** l.v. Ter moita fame. *Estou en xexún dende onte á noite pra face-la análise. ¡Teño tanta fame que adoezo!*
342. **ter un levante** l.v. Ter moito xenio. *Levante* é a explosión de xenio que lle sae a alguén por algún contratempo. Por iso *ter levante* é saírlle a un o xenio con facilidade cando se trata un tema que el non quere tratar, que non lle vai ou que lle afecta dalgunha maneira e por iso se incomoda axiña. *¡Teu pai ten un levante! Non se lle pode dicir nada.*
343. **ter un verme no corpo** l.v. Ser inquedo. É unha locución idéntica aínda que máis xenérica do que *te-los relos*: véxase. *¡Lois parece que ten un verme no corpo! É moi inquedo, non para de subir e baixar.*
344. **ter unha lingua que fura sete paredes** l.v. Ser moi falador e crítico. *¡O teu sobriño ten unha lingua que fura sete paredes! Non deixou títere con cabeza, falou mal de tódolos veciños.*
345. **terlle tanto [algo] a [alguén]** l.v. Dar igual. *a)¡Tanto che ten azoutar como dar no cu -díxolle a nai!b)¡Tanto che me ten, as patacas fritidas ou cocidas, gústanme de calquera xeito!*
346. **tirarlle do rabo á besta** l.v. Atreverse a poñe-las cousas no seu sitio ou a aclarar unha situación. *Ninguén lle conta o suceso. ¡Non hai quen lle tire do rabo á besta!*
347. **toca-lo violo** l.v. Saír mal as cousas. *¡Tocouse o violo co sorteo do porco e agora terá que mercar un!*
348. **tocarlle o zoco a [alguén]** l.v. Amolar, importunar. *¡Non me tóque-lo zoco! Vasme cabrear e logo apaña coas consecuencias.*
349. **tomar a peito [algo]** l.v. Colle-las cousas moi en serio. *Tomouno a peito e pasouno moi mal. ¡Non se decatou de que lle estaban gastando unha broma!*
350. **torcelas o demo** l.v. Saír mal as cousas. *Primeiro perdín as chaves e agora o reloxo. ¡Tórceas o demo!*
351. **traballar cos dentes pra comer coas enxivas** l.v. Face-las cousas ó seu debido tempo. Aproveita-lo momento. *De mozo viveu a vida e agora de vello non ten nada. ¡Hai que traballar cos dentes pra comer coas enxivas!*
352. **traelas o demo** l.v. Pasar algo malo. *¡Tráenas o demo, levo tres difuntos na familia en dous meses!*
353. **traer algún viño de máis no corpo** l.v. Vir bébedo. *Vén cantando solo pola rúa. ¡Trae algún viño de máis no corpo!*
354. **tremer coma un vimbio / unha vara / un xunco** l.v. Ter moito frío. O vimbio é unha rama (vara longa, delgada e flexible) da vimbieira, arbusto salicáceo (*Salix viminalis*), con moitas pólas longas, delgadas e flexibles, os vimbios. Por pouco vento que haxa xa se moven e, se hai moito, vibran converténdose en símbolo do tremido. Os vimbios, pola súa resistencia e flexibilidade, empréganse para ata-los mollos ou as cepas e para facer cestos Nas Pontes tamén se empregaban para facer unha especie de colar coas roscas que se vendían nos días da festa e entrelazaban a vara nos extremos *a)¡O neniño, co frío que fai, treme coma un bimbio! b)¡Treme coma unha vara verde e iso que vai ben abrigado! c)¡Despois de saír da auga, treme coma un xunco!*

355. **varrer prá casa** l.v. Actuar en beneficio propio ou inclinarse por alguén / algo próximo. *¡O árbitro varre prá casa! Pitou un penalti inexistente cando faltaban só dous minutos pra remata-lo xogo.*
356. **ve-lo lobo** l.v. Chegar co pelo alporizado. *¡Parece que víche-lo lobo! Trae-lo pelo de punta.*
357. **ver unha meiga [alguén]** l.v. Saíren as cousas mal. Na fala local o perfecto de *ver* é *veu. ¡Veuno unha meiga! Non sae dunha e xa se mete noutra. Ten mala sorte.*
358. **vérenselle as trazas / pintas a [alguén]** l.v. Intuír como é unha persoa *a)¡Ó can vénselle as trazas de que vai ser bon prás perdices! b) ¡A teu amigo vénselle as pintas de bon atleta!*
359. **verlle as orellas ó lobo** l.v. Collerlle medo a unha persoa atrevida. *a)¡Chegou moi cheo de razón pero, ó verse diante de tanta xente, veulle as orellas ó lobo! b)¡Vironlle as orellas ó lobo! Saíron fuxindo cando comezaron a tirarlles pedras.*
360. **vir feito un pito / poñerse coma un pito** l.v. 1. Vir moi mollado. *¡Vén feito un pito! Debeuno pilla-lo chaparrón que caeu hai uns minutos. 2.* Co verbo *poñerse* significa *mollarse. ¡Caeu no río e púxose coma un pito!*
361. **vírenlle ás mans a [alguén]** l.v. Coller bon xogo nas cartas. *¡Esta partida gañeina, non por saber xogar, senón porque me viñeron ás mans!*
362. **vivir coma reis / un rei** l.v. Vivir ben, con medios económicos moi superiores á media. *¡Os meus cas viven coma reis! Só comen e *durmen.*
363. **xuntarse a fame coa gana de comer** l.v. Ir de mal en peor. *Se un é malo o outro é peor. ¡Xúntase a fame coa gana de comer! Vaia dous!*
364. **xuntarse o fol e as amarrallas** l.v. Emparellar dúas persoas ou cousas moi similares. *¡Nesta ocasión xuntáronse o fol e as amarrallas, e o asunto solucionouse nun tris! Os dous eran moi bos profesionais.*
365. **xuntarse un roto cun descosido** l.v. Emparellar unha persoa mala con outra similar. *Comezaron a tocar e daba xenio velos. ¡Xuntouse un roto cun descosido! Non se sabía cal era o mellor.*

2.5. Locucións adverbiais

366. **a cada dous por tres** l.adv. A miúdo, a cada momento. *E a cada dous por tres escoitaba o son avisador da entrada dun whatsapp.*
367. **a caldeiros** l.adv. En gran cantidade. *¡Chove a caldeiros, a auga xa vai chegando ás portas!*
368. **a carón de [alguén / algo]** l.adv. Ó *pé de alguén. E, cando morreu con noventa anos, vimos alí a quen estivera sempre a carón del desque quedara viúvo.*
369. **a chuzos** l.adv. En gran cantidade.*¡Veño pingando, chove a chuzos!*
370. **a embute** l.adv. Moito, en abundancia, abundantemente. *¡Humorismo barato haino a embute!*
371. **a esgalla** l.adv. En abundancia, abundantemente. *Hai exemplos a esgalla do que che estou a dicir.*
372. **a fartar** l.adv. Moito, en abundancia. *¡Comeu a fartar o día da voda da súa irmá!*
373. **a / ata máis non poder** l.adv. 1. En gran cantidade. *Mirei pola fiestra*

e chove a máis non poder, así non podemos saír da casa. 2. Coa máxima intensidade. *Intentouno ata máis non poder pero non gañou a competición.*

374. **a mares** l.adv. En gran cantidade. *Non saias sen paraugas e botas, chove a mares.*
375. **a pé quedo / firme** l.adv. Sen moverse, sen afastarse do sitio que se ocupa. *a) Está a pé quedo agardando o inquilino pra cobrarlle o aluguer. b) André está a pé firme no traballo e non o deixa ata que o remate.*
376. **a uns, coma os do Paraño**! l.adv. Empatados nun xogo. - *Como quedastes?* - ¡A uns, coma os do Paraño!
377. **a velas vir** l.adv. Sen cartos; sen recursos necesarios. *a) ¡Cando chega o vinte de cada mes está a velas vir!* b) *¡Quedou a velas vir cando soupo que non ían vi-los curmáns!*
378. **ás cegas** l.adv. Sen coñecemento seguro. *¡Iso fágoo eu ás cegas! Non ten dificultade ningunha.*
379. **ás galloupas** l.adv. Sen coidado, coma un toleirán; algo así coma o galope descontrolado dun cabalo. Sen parar e sen rumbo. Nesta zona non se usa a palabra *galloupa máis ca dentro desta locucion, aínda que Rivas Quintas a detecte na distante Terra de Caldelas co valor de "Rama que estorba, secundaria." (RIVAS s.v. galloupa). Pero nas Terras próximas ás Pontes a palabra máis parecida é gallope* que denomina o galope do cabalo e que tamén se usa na loc. *ferver a gallope ("a borbotones")* (OTERO 1977 s.v. gallope) aínda que en zonas próximas tamén significa "Gachas muy sueltas, a las que se les echa pan" (OTERO 1953 s.v. gallope). *Andaba ás galloupas pola clase e tirou os libros.*
380. **cando as galiñas boten pelo** l.adv. Nunca. *Quere mercar un piso e case non ten ingresos. ¡Vai rematar de paga-la hipoteca cando as galiñas boten pelo!*
381. **cando as galiñas mexen** l.adv. Nunca. É demasiado utópico. Cumprirá o seu obxectivo cando as galiñas mexen.
382. **coa boca pequena** l.adv. [Emprégase con verbos de lingua como *comentar, suxerir ou dicir*]. 1. Non abertamente, de maneira insincera. *¡Como non coñecía a todo o mundo, dixoo coa boca pequena!* 2. *En voz baixa, pra si. Sempre lle mandan repeti-las cousas. Fala coa boca pequena.*
383. **coa cabeza gacha** l.adv. Maltreito, decaído, triste ou avergoñado. *Ó sabelo marchou coa cabeza gacha. ¡Non podía afronta-las consecuencias!*
384. **coa lingua (de) fóra** l.adv. Esgotado, canso. [Emprégase con verbos como *chegar, vir* ou *volver.] a)Chegou coa lingua (de) fóra cando veu do monte! b) Saíu tras del e cando voltou viña coa lingua de fóra pero logrou darlle o recado.*
385. **coma a muller con cría: carreira pra baixo e carreira pra arriba** l.adv. Moi ocupado e sen poder parar. *Non para en todo o día e anda coma a muller con cría: carreira pra baixo e carreira pra arriba. ¡Vaille dar un infarto!*
386. **coma ir de caza sen can** l.adv. Incompleto, sen o esencial. *¡Ir á sega sen a fouciña é coma ir de caza sen can!*
387. **coma a galiña cos ovos** l.adv. Con moito tino. *Cando falas con el andas*

coma a galiña cos ovos porque lle tes medo.

388. **coma o can e o gato** l.adv. Mal, con enfrontamentos ou pelexas. [Úsase con verbos como *andar*, *estar*, *levarse*...] *¡Antonio e Luísa lévanse coma o can e o gato! Discuten todo o día.*
389. **coma o demo** l.adv. Mal, con enfrontamentos ou pelexas. *a) Ese matrimonio está sempre discutindo ¡Andan coma o demo! b) ¡Os dous mecánicos lévanse coma o demo! Así, o taller nunca irá pra arriba.*
390. **coma quen non quere a cousa** l.adv. Disimuladamente. *¡Díxollo coma quen non quere a cousa e non lle sentou moi mal!*
391. **coma se a botasen a caldeiros** l.adv. En gran cantidade. *¡Chove coma se a botasen a caldeiros, vai inundarse todo! e)*
392. **coma tres nun zapato** l.adv. Mal, en situación incómoda. *¡Estou coma tres nun zapato con esta dor de moas!*
393. **coma un cuco / pepe** l.adv. Farto despois de comer moito. *a) Non quero máis, vou coma un cuco. b) ¡Vou coma un Pepe! Non me cabe un aruxo máis.*
394. **coma un tolo** l.adv. Moi rápido. *¡Vai coma un tolo pola estrada, calquera día temos un accidente gordo no cruce!*
395. **como ir á guerra sen fusil** l.adv. Carecendo do esencial. *¡Ir pescar sen cana é coma ir á guerra sen fusil!*
396. **con todo e iso** l.adv. A pesar de todo, aínda así. *¡Con todo e iso non fixo o que lle prometera!*
397. **contra a espada e a parede** l.adv. Nunha situación complicada. *Non sabe se ir co pai ou coa nai. ¡Está contra a espada e a parede!*
398. **cos cinco sentidos** l.adv. Con prudencia. *Temos que andar cos cinco sentidos pra que André non se decate da enfermidade do avó.*
399. **cos ollos pechados** l.adv. Doadamente. *¡Iso fágoo eu cos ollos pechados! Non ten dificultade ningunha.*
400. **dálle que dálle** l.adv. Insistentemente, teimando nun asunto. *¡Xoán anda dálle que dálle no motor e non o dá arranxado!*
401. **de boca pra fóra** l.adv. Hipocritamente, sen sinceridade. *¡Non din o que sinten de verdade sobre a voda de Lois. Falan de boca pra fóra!*
402. **de cara** l.adv. De maneira favorable. [Emprégase cos verbos *vir, presentarse, poñérse*...] *a) ¡As cousas viñéronme de cara e o negocio en Cuba foi pra diante enseguida! b)¡Puxéronseme de cara as cousas e metinme a merca-lo negocio do Manuel!* Adoita empregarse na forma *virlle a [alguén] a sorte de cara. ¡A sorte vénlle de cara! Está saíndo moi ben do bache e agora o negocio vai vento en popa.*
403. **dende que o mundo é mundo** l.adv. Dende sempre, dende os tempos máis remotos. *¡O xeito de poñe-las patacas sempre foi así dende que o mundo é mundo!*
404. **entre dentes** l.adv. En voz moi baixa, sen articular moi ben as palabras. [Úsase con verbos como *comentar*, *dicir*, *falar*, *responder*...]. *¡Non se lle entende moi ben o que di. Fala entre dentes! Non ten moitas forzas.*
405. **fóra a ialma** l.adv. Inciso para compara-los animais coas persoas. *¡O meu can, fóra a ialma, é coma as*

persoas! Sabe cando estou triste ou ledo.

406. **na arte do demo** l.adv. Rapidamente. *¡Fíxoo na arte do demo! Cando nos decatamos xa rematara a talla.*
407. **nin chisco** l.adv. Nada. *Non probei nin chisco do xamón.*
408. **nin moito aló, nin moito acó** l.adv. Manterse nunha posición intermedia. *Politicamente el está nin moito aló, nin moito acó. ¡Non toma partido!*
409. **nun tris-tras** l.adv. Nun momento. *¡Nun tris-tras puxo a funciona-lo aparello mecánico!*
410. **o habido e por haber** l.adv. Moita cantidade. *¡Na feira pasou o habido e por haber cando se atoparon os dous rivais!*
411. **ó rabo de [alguén]** l.adv. Detrás, seguindo a alguén. [Emprégase con verbos como *ir* ou *andar*]. *¡Xa está ben, deixa de andar ó meu rabo e fai algo!*
412. **onde *Dios deu as tres voces** l.adv. Nun lugar moi afastado. *Aquel lugar onde comecei a traballar era onde *Dios deu as tres voces. ¡Era moi remoto!*
413. **onde Xesucristo perdeu a sandalia** l.adv. Nun lugar moi afastado. *¡Atopeino onde Xesucristo perdeu a sandalia! No fin do mundo, nin casas había.*
414. **pola conta que lle ten** l.adv. Pola súa propia conveniencia ou interese. *¡Xa nos pagará pola conta que lle ten! Se non, non lle fío máis.*
415. **polo si ou polo non** l.adv. Como medida de precaución, polo que poida ocorrer. *¡Polo si ou polo non terá que vir connosco á misa! Do contrario non irá de excursión.*
416. **por milleiros** l.adv. En moita cantidade. *a) ¡Este ano hai moita sardiña, cóntanas por milleiros! b) Recibeu moitas cartas das súas admiradoras, cóntanas por milleiros.*
417. **tarde, mal e arrastro / tarde e mal** l.adv. A deshora e sen cumpri-las expectativas. *a)¡Estivemos agardándote e chegaches sen o encargo, tarde, mal e arrastro! b)¡Chegas tarde e mal, xa que non trae-lo que che pedín!*

3. Fórmulas

418. **¡A auga cría ras!** Contestación que se dá cando a un lle ofrecen para beber auga no canto de viño. *-¿Queres un vasiño de auga? –¿Non tes viño? ¡A auga cría ra!.*
419. **¡Á terceira vai a vencida!** Dise cando se fai unha cousa por terceira vez, agardando que desta saia ben. *Xa van dúas veces que erras, mais non te amoles, ¡á terceira vai a vencida!*
420. **Aínda está o capador enriba da porca!** Emprégase cando se está aínda a tempo de facer algo e aínda é o momento oportuno. *Vin que estaba na forxa e pedinlle que me amañara o raño. ¡Aínda está o capador enriba da porca!*
421. **¡Abofé que sí!** Dise para afirmar enfaticamente. *¿Estás seguro do que dis? ¡Abofe que sí!*
422. **¡Acábate, pobre, e vende a camisa!** Dise cando un está nunha mala situación e vénlle outra tamén mala. *Perdín a carteira, rachei a chaqueta e, agora, non atopo a chave da casa. ¡Acábate, pobre, e vende a camisa!*
423. **¡Agora xa foi... Marica non chores!** Dise cando unha cousa xa non ten remedio, xa non hai que facerlle. *Xan marchou e non o convidei prá festa*

de mañá. ¡Agora xa foi… Marica non chores!

424. **¡Aí non é nada!** Dise cando se quere dar a entender que é moito ó que se refire ou que é un feito moi importante. *Nomeárono presidente do equipo. ¡Aí non é nada!*
425. **¡Ai, o demo!** Dise cando alguén esqueceu algo e de súpeto o lembra. *¡Ai, o demo! Deixei a tixola no lume.*
426. **¡Aínda podía coa metade menos!** Dise como resposta cando un leva un peso e lle preguntan se pode con el. – *¿Podes co saco das castañas?*
– *¡Ainda podía coa metade menos!*
427. **¡Alá vai todo!** Dise cando se remata ou se perde algo, cando se lle cae algo a un ó chan, cando se derruba algo que se está a construir... –*¡Alá vai todo! – Berrou cando veu que caía o palleiro.*
428. **Amiguiños, si, pero a vaca polo que vale.** Dise cando a un lle mercan algo e o que paga é amigo ou coñecido e non lle queremos facer desconto. *Coñecémonos de toda a vida e… ¡amiguiños, si, pero a vaca polo que vale! A finca non vou a vendercha regalada*
429. **¡Anda Pedro Chosco por aí! // ¡Anda por aí Pedro Chosco!** Dise cando a alguén lle entra o sono ou comeza a toquear.Véxase tamén o número 539. Ó *neniño péchanselle os ollos. ¡Anda Pedro Chosco por aí!*
430. **¡Andan os ladrós tras dos que rouban!** Dise cando un se atopa nunha situación na que tódalas persoas implicadas teñen o mesmo defecto que critican das outras persoas. *Sempre fala quen non paga a contribución: andan os ladrós tras dos que rouban.*
431. **¡Apareceu o paraugas!** Dise cando chega alguén polo que se leva tempo agardando. *¡Apareceu o paraugas! Xa era hora de que chegaras. ¿Onde te metiches?*
432. **¡Arre carallo!** Dise en situación de incredulidade ou asombro. *¡Arre carallo! Coma se nunca o viras facer iso.*
433. **¡Arre demo!** Dise en situación de incredulidade ou asombro. *¡Arre demo! Nunca o vira vestido así.*
434. **!Arriba, pernas; arriba, zancas, que neste mundo non hai máis ca trampas!** Dise ó erguerse ou ó irse dunha conversa onde non convencen a un. *Vou marchar porque non deixas de me marear. ¡Arriba, pernas; arriba, zancas, que neste mundo non hai máis ca trampas!*
435. **¡Así *Dios me salve!** Dise como aseveración ou afirmación de que o que se vai dicir ou contar a continuación é certo. *¡Así *Dios me salve que o vin saltar pola ventá do cuarto da rapaza!*
436. **¡Ata a feira!** Dise a xeito de despedida máis longa. Nas Pontes as feiras eran cada quince días. *¡Ata a feira! Non virei ata entón.*
437. **¡Ata despois! // ¡Ata dentro dun pouquiño!** Dinse a xeito de despedida curta. *¡Ata despois! Hei vir toma-lo café con vós.*
438. **¡Ata logo! // ¡Ata loguiño!** Dinse a xeito de despedida tamén curta. *¡Ata logo Manuel! Vémonos na malla de Pepe.*
439. **¡Ata máis tarde! // ¡Ata máis vellos! // ¡Ata outra! // ¡Ata outra fornada! // ¡Ata sempre!** Dinse a xeito de despedida máis ou menos longa. *¡Ata máis tarde! Vémonos á noite.*

440. **¡Ben, señores, as mantas non son cobertores!** Dise cando algo non é o que aparenta ser, ou do que nos intentan convencer. *¡Ben, señores, as mantas non son cobertores! E o que me está a dicir non vai no meu carro.*
441. **¡Borea, borea!** Díselle a outra persoa cando está a facer algo sen saber ben como vai rematar. *¡Ti borea, borea que o resultado vaise ver despois!*
442. **-Carne de burro non é transparente. -¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!** Díselle a un que se pon diante de nós e non nos deixa ver algo que queremos ver, ou estamos a ver. O interlocutor deféndese respondendo: *-¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!,* dicindo que o problema está en quen acaba de falar. *- Sácate de diante que non me deixas ve-lo partido e ¡carne de burro non é transparente! - ¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!*
443. **¡Chámalle burro ó cabalo!** Dise cando unha persoa que na aparencia non parece moi espelida, logo resulta todo o contrario. *-¡Resultou máis listo do que parecía!*
-¡Sí, chámalle burro ó cabalo!
444. **¡Dálle por alí e... válelle!** Dise dunha persoa que pilla unha teima ou manía e ten que se-lo que diga. *Non deixa de asubiar mentras traballa. ¡Dalle por alí e… válelle!*
445. **¡Deixa a ver como baila Mari Pepa!** Dise cando non se sabe moi ben o que vai pasar ou como vai rematar unha cousa. *Non sei se o plan lle sairá ben, tal e como están as cousas. ¡Deixa a ver como baila Mari Pepa!*
446. **¡Deixa algo pra mañá!** l.v. Emprégase para indicarlle a unha persoa que interrompa unha acción que leve facendo tempo, como por exemplo comer ou traballar. *É moi tarde e tes que descansar. ¡Deixa algo pra mañá!*
447. **¡Déixate vir!** Dise a xeito de ameaza cando un fixo algo malo e logo foxe. *¡Déixate vir, que o cristal roto vas pagarmo traballando na tenda!*
448. **¡*Dios che dea moita saúde!** Desexo de agradecemento cara a alguén por un favor que nos fixo. *Canto che agradezo o traballo que me fixeches. ¡*Dios che dea moita saúde!*
449. **¡*Dios cho pague!** Díselle a unha persoa en agradecemento despois de que nos fixese un traballo ou un favor. *Agradézoche moito que me axudaras a subi-las cousas. ¡*Dios cho pague!*
450. **¡*Dios dea pan!** Desexo expresado cando hai para xantar. *¡*Dios dea pan! Imos xantar.*
451. **¡*Dios dea saúde!** Desexo expresado cara ó futuro. *¡*Dios dea saúde pra volvernos a ver pró ano que vén!*
452. **¡*Dios nos colla confesados!** // **¡*Dios nos pille confesados!** Dinse cando un pensa nas consecuencias malas dun feito. *Cando teu pai sepa o que fixemos… ¡*Dios nos colla confesados!*
453. **¡*Dios o axude!** Dise dunha persoa cando vai escomezar un traballo, unha viaxe ou algo importante. *Vaise pra África de médico. ¡*Dios o axude!*
454. **¡*Dios o descanse!** Dise de alguén que morreu. *Morreu o tío Xesús de Vila. ¡*Dios o descanse!*
455. **¡*Dios o teña na gloria!** Dise de alguén que finou. *Dicía meu pai, ¡*Dios o teña na gloria!, que o traballo hai que facelo ben, senón é mellor non facelo.*

456. **¡Dispensando, que estamos comendo!** Dise cando se vai falar algo non moi limpo ou apropiado á hora do xantar. *Pois falando daquela cociña, ¡dispensando que estamos comendo!, moita merda había por todas partes.*
457. **¡Dito e feito!** Dise para indicar que unha cousa hai que facela e rematala rapidamente. *As cousas fanse ¡dito e feito! Non hai que darlle tantas voltas.*
458. **¡Éche o que hai!** Dise para indicar que iso é todo, que se ten que conformar. *Pois se non me queres como son, ¡éche o que hai! A porta está aí.*
459. **¡Enriba de mel, filloas!** Dise para indicar que estando nunha situación mala aínda nos vemos noutra peor. *Mórreme o porco e, agora, o can. ¡Enriba de mel, filloas!*
460. **¡Érache boa! // ¡Esa é boa! // ¡Érache boa, Vilaboa! // ¡Vaiche boa, Vilaboa!** Dinse cando non nos convencen de algo porque sabemos que non é así. Véxase tamén o número 534. ¡Érache boa que fora eu con el ó baile!
461. **¡Estache boa a navalla!** Dise cando un se lamenta dunha situación en que se atopa. *Estou sen un can e agora vénme o recibo da luz. ¡Estache boa a navalla!*
462. **¡Estén calado!** Dise para mandar calar a alguén ou para introducir unha corrección ó que dixo. A forma *estén* é variante local do imperativo *está.* ¡Estén calado! *Non teño ganas de contos mentres traballo.*
463. **¡Fóra a ialma, é coma as persoas!** Dise dos animais, cando se fala dalgunha característica ou feito deles similar ás persoas. *Teño un can que fóra a iama, é coma as persoas: só lle falta falar.*
464. **¡Galiñas serán, pro chéiranme a can!** Dise cando un desconfía de algo, dunha situación... *Non me fío moito deste trato, ¡galiñas serán, pro chéiranme a can! O máis seguro é que nos *timen.*
465. **¡Has de levar un couce no cu!** Dise cando se ameaza a unha persoa. *¡Como non deixes de amolarme, has de levar un couce no cu!*
466. **¡Hasmas pagar!** Díselle a unha persoa, que nos fixo algo malo, a xeito de ameaza. *Deixácheme quedar coma un parvo diante das rapazas. ¡Hasmas pagar!*
467. **¡Haxa saúde!** Desexo expresado logo de non toca-la lotería ou un premio dun sorteo. *O gordo de Nadal non tocou, mais ¡haxa saúde!*
468. **¡Heiche de afeitar sen navalla!** Dise a xeito de ameaza a unha persoa que nos fixo algo malo. *Estragácheme toda a leira. ¡Como te pille, heiche de afeitar sen navalla!*
469. **¡Heillo de crer coma o de Viveiro cando ardeu!** Dise para indicar que unha persoa non cre o que di outra. *O que nos contou Anxo, ¡heillo de crer coma o de Viveiro cando ardeu!*
470. **¡Hoxe naceu un corvo branco no Caxado!** Dise cando aconteceu algo fóra do normal ou cando alguén fixo algo fóra do común. *Convidounos o agarrado de teu irmán a xantar. ¡Hoxe naceu un corvo branco no Caxado!*
471. **¡Hoxe non e mañá tampouco!** Dise cando un non ten esperanza de que se lle conceda ou lle fagan algo. - *Teus pais mercáronche o coche? - ¡Hoxe non e mañá tampouco!*

472. **¡Logo lle vale!** Dise para indicar que xa está ben de amolar. *Non deixa de amolarme polo erro que cometín. ¡Logo lle vale!*
473. **¡Mal raio te mate!** Dise a xeito de maldición ou, ás veces, de broma. *Mira que facerlle as beiras á filla do boticario co fea que é. ¡Mal raio te mate!*
474. **¡Mala chispa te mate! // ¡Mala chispa te fenda! // ¡Mala chispa te coma!** Dínselle a unha persoa a xeito de maldición por algo que fixo e que nos afecta, ou tamén, nalgunhas ocasións, pódense dicir a xeito de maldición-broma cando un fai algunha trasnada se moitas consecuencias. *Tiráchelle os dous tiros á perdiz e non lle diches. ¡Mala chispa te mate!*
475. **¡Mala *polilla te pique!** Dise a xeito de maldición, nalgunhas ocasións a xeito de broma, sen desexarlle mal realmente. *¡Mala *polilla te pique! Tela diante e non a pillaches.*
476. **¡Manda carallo! // ¡Manda moito carallo!** Dinse a modo de exclamación pola sorpresa ou incredulidade ante un acontecemento. *¡Manda carallo co rapaz! Aínda non levanta o cu do chan e xa lle gustan as mozas.*
477. **¡Manda castaña! // ¡Manda moita castaña!** Dinse cando se amosa admiración por algo ou alguén. *¡Manda castaña co traballo que fixo o canteiro!*
478. **¡Manda chover! // ¡Manda moito chover! // ¡Manda chover na Habana!** Dinse a xeito de admiración ou sorpresa. *¡Manda chover na Habana co rapaz! Nunha hora rematou o traballo.*
479. **¡Manda nabo!** Dise cando se quere expresar admiración, é o mesmo que ¡Hai que ver! ou ¡Mira ti! *¿Viches como fixo pra para-lo balón? ¡Manda nabo!*
480. **¡Manda truco!** Para expresar admiración ou sorpresa. *¡Manda truco! Quixonos cobrar máis do que vale.*
481. **¡Meu can pillou unha mosca!** Dise cando un fai algo case imposible e por casualidade. *¡Meu can pillou unha mosca! Atinei cos catorce resultados da quiniela*
482. **¡Meu dito, meu feito!** Dise cando se fai unha cousa axiña, case ó mesmo tempo que pensala ou cavilala. *Ocurréuseme no momento e solucioneille o problema. ¡Meu dito, meu feito!*
483. **¡Moita saúde pra *disfrutala/o!** Díselle a unha persoa que estrea algo novo: unha casa, un coche.... *Vaia casa máis fermosa que tedes. ¡Moita saúde pra *disfrutala!*
484. **¡Moito borear e despois nada!** Dise cando todo o que se promete ou se afirma que se vai facer queda en nada. *Manuel leva anos falando de merca-la leira e logo non a merca. ¡Moito borear e despois nada!*
485. **¡Moito ruído e poucas noces!** Dise cando unha persoa fala moito e non fai nada. *Leva tempo dicindo que vai arranxa-lo problema que ten co seu curmán, mais aínda non se falan. ¡Moito ruído e poucas noces!*
486. **¡Morra a marta e morra farta!** Dise para indicar que é preferible morrer cheo ou dunha enchente que morrer de fame. *– Papá, non comas iso que ten moito azucre. –- ¡Morra a marta e morra farta!*
487. **¡Morra o conto!** Dise para rematar unha discusión ou un asunto. *Deixemos as desavenencias e ¡morra o conto!*

488. **¡Nenos, a mexar e á cama!** Díselle ós nenos ou ós maiores cando están a amolar moito. *Levades unha hora amolándome. ¡Nenos, a mexar e á cama!*
489. **¡Neste mundo hai que probar de todo!** Dise cando se fai algo por primeira vez. *É a primeira vez que como este peixe. ¡Neste mundo hai que probar de todo!*
490. **¡Nin arre, nin xo!** Dise dunha persoa que non se aclara nun asunto. *Levas unha hora pra decidirte e ¡nin arre, nin xo!*
491. **¡Non quero deber a probes!** Dise cando se paga unha débeda, que non deixan de reclamar, manifestando unha certa repulsa ó acredor. *¡Aí te-los teus cartos! ¡Non quero deber a probes! Díxenche que che pagaría, non tiñas que lembrarmo.*
492. **Non se consola o que non quere.** Dise cando unha persoa, despois dun suceso negativo, busca unha explicación para xustificalo. *Como non puido casar coa filla, casou coa nai. ¡Non se consola o que non quere!*
493. **¡Non se fale máis! // ¡Non hai que falar máis do asunto / conto!** Dinse cando se remata ou dá por concluído un asunto ou tema da conversa. *¡Non se fale máis! Mércoche a finca polo que me pides.*
494. **¡Non vaia a se-lo demo!** Dise cando hai a posibilidade de que pase ou suceda algo malo. *Temos que levar todo previsto. ¡Non vaia a se-lo demo!*
495. **O demo llo foi dicir. // O demo llas presenta.** Dinse cando un fai algunha trasnada ou falcatruada. *O rapaz rompeuche a figura cando buscaba os cartos. ¡O demo llo foi dicir!*
496. **¡O demo te afunda!** Dise a xeito de maldición, nalgunhas ocasións tamén se pode dicir a xeito de maldición-broma cando un fai algunha trasnada sen moitas consecuencias. *¡O demo te afunda! Mira que tirarme o caldeiro da auga polos pés.*
497. **¡O peor son eu!** Dise como resposta cando a un lle preguntan como está el e a súa familia. - *¿Como está a familia? - ¡O peor son eu! E xa me ves.*
498. **¡O que teña que dicir, que o diga!** Dise para indicarlle a alguén que pode falar sen problemas. *Non lle vou impedir que fale. ¡O que teña que dicir, que o diga! Que non teña reparos.*
499. **¡O que teña que pasar, xa pasará!** Dinse para indicar que o destino está aí e non o podemos trocar por outro. *Non me preocupan moito as consecuencias do que fixen. ¡O que teña que pasar, xa pasará!*
500. **¡Outra vaca (máis) no maínzo!** Cando xa hai un despistado e vén outro máis nas mesmas condicións. *É o cuarto que erra de estrada e vén preguntando por onde se vai. ¡Outra vaca máis no mainzo!*
501. **¡Paciencia ratos, que ardeu o muíño!** Dise a situación é irremediable e non hai máis alternativa que armarse de paciencia. *Este problema non ten solución. Como dicía miña nai:¡Paciencia ratos, que ardeu o muíño!*
502. **Pan pra hoxe e fame pra mañá.** Dise cando se logra algo que soluciona o problema momentaneamente, pero que logo aínda o agrandará máis. *O acordo ó que chegou o sindicato coa empresa é pan pra hoxe e fame pra mañá.*

503. **¡Para o carro!** Dinse cando un escomeza a pedir cousas, a contar algo... e hai que paralo. *¡Para o carro, rapaz! Vas moi rápido con ese pedido de cousas que fas.*
504. **¡Perdón polo gato ladrón!** Dise cando se lle pide perdón a outra persoa pero sen intención de pedilo.
– Pídeme perdón polo que fixeches. - ¡Perdón polo gato ladrón!
505. **Por unha presa de fariña non han queda-las papas moles.** Dise cando por un pouquiño que falta non se deixa a cousa sen rematar, ou cando faltan uns poucos cartos para mercar algo pero non se deixa de mercar aínda que haxa que pedilos. *Non te preocupes se che falta algún carto pra paga-la casa. ¡Por unha presa de fariña non han queda-las papas moles!*
506. **¡Predica, meu frade, que por un oído me entra e polo outro me sae!** Dise cando a todo o que nos din ou nos aconsellan non lle facemos caso. *Sabes o que che digo: ¡Predica, meu frade, que por un oído me entra e polo outro me sae! Eu vou seguir facendo como ata agora.*
507. **¡Pregúntalle a Mateu que minte coma eu!** Díselle a unha persoa que ó ver que non a cremos, mándanos preguntarlle a alguén que tampouco é de fiar. *Se non me cres o que che digo, ¡pregúntalle a Mateu que minte coma eu!*
508. **¡Que barbaridá! ¡Que barbaridá! ¡A vaca pequena, o leite que dá!** Expresión escoitada a un feirante para chama-la atención da xente. *¡Que barbaridá! ¡Que barbaridá! ¡A vaca pequena, o leite que dá! ¡Merquen señoras! ¡Prendas bonitas e baratas!*
509. **¡Que nos agarde aló moitos anos!** Dise canso se está a falar dunha persoa que morreu hai pouco, ou que está defunta de corpo presente.
– Morreu o Sr. Pancho do Cachopal
– Que nos agarde aló moitos anos!.
510. *¡***Que sexan as perdas do ano! // ¡Que sexan tódalas perdas do ano!** Dinse cando nos pasa algo malo e conformámonos con que iso sexa o peor que nos poida acontecer. *Leváronseme os nabos, pero ¡que sexan as perdas do ano!*
511. **¡Que te confunda o demo! // ¡Se o confundiran os demos! // ¡Se o levara o demo! // ¡Que o leve o demo!** Dinse a xeito de maldición. *¡Que te confunda o demo! Sempre estás amolando coas túas bromas.*
512. **¡Quen me / che / nos dera!** Expresan desexo. *¡Quen me dera estar no seu sitio! Traballa de funcionario no concello.*
513. **¡Quen te chora, meu amigo!** Díselle a unha persoa cando está a queixarse sen motivo ou sen necesidade. *¿E queixaste ti, que tes traballo? ¡Quen te chora, meu amigo!*
514. **¡Se de cativo o vendesen na feira, fóralles mellor!** Dise dun mozo que lle fai unha falcatruada ou lle dá un desgusto ós pais. *Vai perda lles meteu o seu fillo. ¡Se de cativo o vendesen na feira, fóralles mellor!*
515. **¡Se o porco / cocho bravo o comese de cativo, fóralles mellor!** / *¡Se os porcos os comeran de cativos fóralles mellor!* Dise dun mozo que lle fai unha falcatruada ou lle dá un desgusto ós pais, tamén cando os pais non o coidan. *Vai disgusto ten a nai co fillo. ¡Se o porco o comese de cativo, fóralle mellor!*

516. **¡Se quere facer amigos que os faga a conta del non da miña!** Dise cando alguén quere facerlle un favor a outro empeñando cousas que non lle pertencen ou utilizando a un, é dicir, el fai o favor e non gasta nada. *Quería quedar ben á miña conta e que pagase eu. ¡Se quere facer amigos que os faga a conta del non da miña!*
517. **Se non é boi é vaca, e senón... unha estaca.** Dise cando un se bota a adiviñar e dá varias solucións, unha tras outra, para atina-la resposta. *Primeiro dis que é alta, logo que baixa e, agora, mediana. ¡Se non é boi é vaca, e senón… unha estaca!*
518. **¡Tanto dá / ten Xan coma Pericán!** Emprégase para referirse a dúas persoas ou a dúas cousas moi similares. *a) Neste caso tanto me dá / ten Xan coma Pericán. ¡Non teño moito onde escoller! b)¡Tanto ten Xan coma Pericán, se un é malo o outro é peor!*
519. **¡Tarde piaches / piou!** Dinse cando xa lle pasou a ocasión a un. *A rapaza xa marchou e ti non lle falaches. ¡Tarde piaches!*
520. **¡Ti anda tocando ben o zoco, verémo-lo que vai pasar!** Dise a xeito de ameaza. *Deixa de amolar a Pedro coas túas bromas. ¡Ti anda tocando ben o zoco, verémo-lo que vai pasar!*
521. **¡Ti argalla ben, ho!** Dise a xeito de ameaza a unha persoa para que logo apande coas consecuencias. *¡Ti argalla ben, ho! Logo atente as consecuencias cando te pillen facendo mal.*
522. **¡Ti de min non te ris!** Dise a xeito de ameaza cando se están rindo dun. *¡Ti de min non te ris! Xa falaremos cando non haxa ninguén máis.*
523. **¡Tíralle do aire!** Dise cando algo xa non ten solución. *O ladrón cruzou a fronteira e agora...¡tíralle do aire! Non hai tratado de extradición.*
524. **¡Torce dreito!** Díselle a unha persoa cando está a facer algo no que ten que ir dereito e estase a torcer. *¡Torce dreito e non te saías da raia!*
525. **¡Un pé aquí e outro acolá!** Dise para meter présa a unha persoa. *Vas mercar á tenda, pero ¡un pé aquí e outro acolá!, que hai que ir coas vacas.*
526. **Unha que me debes e outra que me aforras, son dúas.** Dise cando alguén lle ofrece algo e este di que non o quere. *Como non queres vir xantar con nós, ¡unha que me debes e outra que me aforras son dúas*
527. **¡Vai / vas lamber un lapote!** Dise a xeito de ameaza. *Como non deixes de insultarme, ¡vas lamber un lapote!*
528. **¡Vai mirar se chove!** Díselle, cando hai unha conversa, a unha persoa que non queremos que escoite o que imos dicir ou que queremos que se vaia de xunta nosa. Tamén se lle di a unha persoa que nos está a amolar. *O outro día cando estaba coa rapaza… ¡Neno, vai mirar se chove! Que estas non son conversas prós pequenos.*
529. **¡Vai muxi-las galiñas!** Díselle a unha persoa cando desexamos que se vaia de xunta de nós. *Estou farto de ti. ¡Vai muxi-las galiñas!*
530. **¡Vai polas ánimas dos teus / vosos defuntos!** Dise a xeito de agradecemento a unha persoa que nos fixo un favor ou nos deu algo. *Agradézoche moito o que fixeches por min. ¡Vai polas ánimas dos teus defuntos!*
531. **¡Vai polas ánimas!** Dise para xustificar unha situación pouco

favorable ou unha desgraza, é dicir, de consolo. *¡Vai polas ánimas! Sinto moito que perdérade-la colleita.*

532. **¡Vai rañala!** Díselle a un que está a amolarnos e queremos que nos deixe en paz. *¡Vai rañala por aí adiante! Vai a amolar a outro.*
533. **¡Vai toca-lo violo a outro!** Díselle a unha persoa cando desexamos que se vaia de xunta de nós, que deixe de molestar. *¡Vai toca-lo violo a outro e déixame en paz!*
534. **¡Vai ver de onde vén o vento!** Díselle a unha persoa cando desexamos que se marche de cabo nosa. *Estou farto das túas lerias. ¡Vai ver de onde vén o vento!*
535. **¡Vaia o demo con todo!** Dise cando a un lle levan algo que desexaba ter, pero que non ten solución nin remedio a perda. *Perdín todo o que gañei na partida. ¡Vaia o demo con todo!*
536. **¡Vaiche boa!** Dise para indicar que unha cousa ou suceso xa pasou hai moito tempo, ou que alguén xa saíu dun lugar hai tempo. *a) – ¿Martín hai moito que marchou? – ¡Vaiche boa! b) ¡Vaiche boa que pasou o tren!*
537. **¡Vaiche boa, Vilaboa!** Dise para indicar que xa non hai solución. Véxase tamén o número 457. *¿Querías falar con el?¡Vaiche boa, Vilaboa! Xa hai cinco anos que emigrou.*
538. **¡Xa choveu!** Dise para sinalar que xa pasou tempo de abondo do caso do que se está a falar. *¡Xa choveu dende que nos casamos!*
539. **¡Xa era hora!** Dise para indicarlle a alguén que chega tarde, que levamos tempo agardando por el, a que viñera ou a que rematara un traballo. *¡Xa era hora de que chegase o xornal! Quero ler o que pon do accidente.*
540. **¡Xa está ben!** Dise para indicar que xa abonda, que xa se chegou ó límite. *¡Xa está ben! Teu irmán de rumba e nós traballando.*
541. **¡Xa será menos!** Díselle a unha persoa que esaxera. *¡Xa será menos! A troita que pillaches non pasaba do quilo.*
542. **¡Xa vén Pedro Chosco!** Díselles ós nenos cando comezan a ter sono ou están a piques de durmir. Variante do número 426. Ó *neniño péchanselle os ollos. ¡Xa vén Pedro Chosco!*

4. Refráns

543. **A boi bravo, rego largo.** Dise cando se fala dun mozo, polo xeral, das súas ideas, ó que se lle dá máis traballo no canto de facilitarlle as cousas.
544. **A cabeza está pra pensar, non pra leva-lo pelo.** Dise cando lle fan unha pregunta sinxela a un e non dá coa resposta.
545. **A can vello todo / todas son pulgas. // A can fraco todas son pulgas**. Dinse cando un está nunha situación crítica e véñenlle por riba máis desgrazas, ou cando un vai vello e lle veñen tódolos problemas ou desgrazas.
546. **A chave do muíño é coma a peneira da tola que anda a aldea toda.** Dise cando se coñece deseguida un comentario secreto.
547. **A dar ninguén se puxo rico.** Dise como resposta cando lle piden algo a un.
548. **A *desgracia nunca vén soa. / As *desgracias nunca veñen soas.** Dise cando despois dun mal período por

enfermidade, morte, accidente... vén outro máis.

549. **A educación está ben ata nos cans.** Dise cando unha persoa non se comporta moi axeitadamente, ou tamén cando si o fai.
550. **A mala veciña, coma a neve marciña.** Expresa o desexo de que a mala veciña dure pouco, igual que a neve de marzo.
551. **A muller coma a sardiña, mellor canto máis pequeniña.** Dise cando un ten unha moza que é pequena.
552. **A quen *Dios non lle dá fillos, o demo dálle sobriños.** Dise dunha persoa que non ten fillos, mais sí sobriños, que han se-los herdeiros.
553. **A todo porquiño lle chega o seu san Martiño.** Dise cando un atopa o seu límite.
554. **A vaca da veciña dá máis leite cá miña.** Dise para sinala-la envexa, cando un infravalora o que ten fronte ó que teñen os outros.
555. **A vaca que non come cos bois, ou come antes ou come despois.** Dise para sinalar que unha persoa que ten que facer unha cousa e non quere facela en compañía, faina soa.
556. **As cousas sempre rompen / rachan polo máis miúdo.** Dise dunha situación na que acaba de romper ou crebarse algo pola súa parte máis feble, ou cando a peor parte dunha situación tráxica a levan os máis febles.
557. **As mulleres cando paren, lémbranse de san Ramón; e cando o están facendo, nin santo nin devoción.** Dise cando a muller berra e quéixase para parir, ou cando se queixan por algo que é a consecuencia do que antes fixeron.
558. **As présas nunca foron boas.** Dise cando se fan as cousas con apuro, pois case que nunca saen ben.
559. **Bacariño no celeiro, non quere compañeiro.** Dise cando unha persoa rexeita a outra porque está afeita a estar soa nese traballo ou nese lugar. *Bacariño* é forma local por *bacoriño*.
560. **Bocado comido non ten substancia.** Dise para indicar que algo que xa nos deron ou repartiron xa non nos ten graza. Tamén se di cando se fai un reparto e xa nos diron a nosa parte noutra ocasión e agora queremos que nola volvan a dar.
561. **Cabalo grande, ande ou non ande.** Dise para indicar que se prefire a cousa, persoa, planta ou animal máis grande.
562. **Cada cual, busca o seu igual.** Dise por dous que se xuntan polas súas afinidades ou xeito de ser.
563. **Cada quen / un sabe onde lle manca o zapato.** Dise para sinalar que cada un sabe cal é o seu punto feble ou a súa parte mala.
564. **Cada un chora por onde lle doe. // Cada un chora por quen lle doe. // Cada un pide por quen lle doe.** Dinse para indicar que alguén se queixa máis pola parte máis sensible que ten ou que pide máis pola persoa que máis quere.
565. **Cada un fala da feira *según lle vai / foi nela.** Dise cando, dun acontecemento, situación ou feito, cada un dá unha opinión diferente.
566. **Cada un oe o que lle convén.** Dise nunha situación na que un só quere saber aquelo que lle interesa ou lle dá algún beneficio.
567. **Cada un tira da auga pró seu muíño, aínda que deixe sen ela ó veciño.** Dise cando un se favorece

a si mesmo ou ós seus, aínda prexudicando ós demais.

568. **Can que ladra, coello que perde.** Dise para sinalar que cando un ten que facer unha cousa, se está a distraerse con outra, non a fai.
569. **Cando eu quero, ti non queres; e cando ti queres eu non quero.** Dise cando dúas persoas non se poñen de acordo para facer algo.
570. **Cando vén, non vén unha soa.** Dise cando tras unha mala época, suceso ou situación, aparece outra máis.
571. **Cando veñen, veñen todas xuntas.** Dise cando acontece algo, xeralmente malo, e deseguido hai outros sucesos parecidos.
572. **Canta máis présa, máis vagar.** Dise cando un ten que facer algunha cousa moi rápido e sáelle mal e ten que volver a comezar de novo.
573. **Canto máis frío, menos roupa.** Dise cando a un problema lle sae como solución outro problema aínda peor, ou a grandes males peores remedios.
574. **Canto tes, canto vales.** Dise para indicar que o home vale pola riqueza da que é dono.
575. **Carro de toxo, fungueiros de xesta.** Dise para indicar que dúas persoas ou dous grupos de persoas son semellantes, pero no senso malo.
576. **Catro ollos ven máis ca dous.** Dise cando estamos tratando de atopar algo, ou buscar unha solución, e alguén nos bota unha man.
577. **Cazador e troiteiro, nin boa meda, nin bon palleiro.** Dise dunha persoa que se dedica a dúas cousas ó mesmo tempo e non fai ben ningunha.
578. **Cazador sen can, come puñetas se llas dan.** Dise dunha persoa que para facer un traballo fáltalle a ferramenta máis importante.
579. **Comer e rascar, todo é empezar.** Díselle a unha persoa cando se invita a xantar e di que non ten gana.
580. **Como nace, pace.** Dise cando nace a lúa, o tempo que fai ese día será o mesmo, polo menos, nese cuarto. Aplícase a que todo mantén a súa orixe.
581. **Con pan e viño ándase o camiño.** Dise que tendo pan e viño abonda para facer un traballo ou unha camiñada.
582. **Cría boa fama e bótate a durmire, cría mala fama e non te deixarán vivire**. Dise pola boa ou mala sona que ten un.
583. **Da / entre a mazá á cebola, veña o demo e escolla.** Dise cando hai que escoller entre dúas cousas que son iguais de malas ou faxeiras.
584. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, un burro; de vello, un can.** Dise polas distintas situación do home ó longo da súa vida e de como van tratando a un.
585. **De tales terras, tales nabos.** Dise dunha persoa cando fai unha cousa non moi ben feita, facendo referencia ó lugar de onde vén ou á familia á que pertence e, que polo tanto, non hai que estrañarse.
586. **De vello, tres veces neno.** Dise cando unha persoa maior dá traballo por ter caprichos ou precisar biocos.
587. ***Dios aperta, pro non afoga.** Díselle a unha persoa cando está a pasar unha mala situación ou momento.
588. **En tódalas niñadas sae un pito goro.** Dise cando nunha familia, grupo ou serie hai algún membro que non é tan bo coma os outros. Nótese que *ovo goro* é o ovo sen fecundar e, por analoxía, *pito goro* é o pito malo, cativo.

589. **Fillos criados, problemas dobrados.** Dise cando un ten criado os fillos e os problemas que dan aínda son moito maiores que cando eran cativos.
590. **Fun á casa do veciño e avergoñeime, volvín prá miña e amañeime.** Dise cando se vai pedir algo emprestado ou un favor á casa dun veciño e este non nos soluciona o problema e témonos que amañar co noso ou buscar nós a solución ó problema.
591. **Galo no poleiro, non quere compañeiro.** Dise para sinalar que cando un home está só entre mulleres non quere que veña outro a sacarlle o sitio.
592. **Hai que limpar cando fai vento.** Débense aproveita-las oportunidades.
593. **Hai que roe-lo chiculate mentres un ten dentes.** Dise para indicar que hai que aproveita-la ocasión mentres se pode ou aínda se é novo.
594. **Hai que ter un amigo ata no inferno.** Sempre é bo ter amigos, é dicir, alguén que nos poida axudar, en todas partes.
595. **Home casado, burro amolado.** Dise de home casado que non é nada.
596. **Home casado, nin muller é.** Dise do home casado que non é nada.
597. **Homes a falar e cas a ladrar, ninguén os pode calar.** Dise cando hai persoas que falan moito e non deixan falar a ninguén máis.
598. **Logo dun día escuro vén un día claro.** Díselle a unha persoa para darlle azos cando se atopa nunha situación mala.
599. **Mentres fazón non vén, fazón non pasa.** Dise cando chega a hora de sementar ou facer algún labor, mais aínda non se dan as condicións axeitadas.
600. **Moito e ben, non o fai ninguén.** Dise cando se ve un traballo que foi feito moi rápido e que, polo tanto, quedou mal feito.
601. **Na casa do probe todas son pingueiras.** Dise para sinala-la pobreza onde hai escaseza de todo.
602. **Na terra de lobos hai que ouvear coma todos.** Dise cando se vai a un lugar e se adoptan os costumes dese sitio.
603. **Nas unllas ou nos pés has de amitar a quen es.** Dise para indicar que nalgún aspecto físico ou de carácter sempre nos parecemos ós nosos pais ou familia.
604. **Nacer é un milagre, morrer é algo natural.** Dise na presenza dun defunto ou cando se fala de que morreu alguén xa maior.
605. **Ninguén escarmenta en cabeza allea.** Dise cando por moito que aconsellemos a alguén non nos fai caso.
606. N**on as fagas, non as temas.** Díselle a unha persoa que está a sufri-las consecuencias de algo que fixo.
607. **Non hai atallo sen traballo.** Dise cando un quere face-las cousas con máis présas ou acurtando no esforzo, mais aínda así requírelle algún esforzo.
608. **Non hai dúas sen tres.** Dise cando pasan dous acontecementos iguais e deseguido vén outro igual.
609. **Non hai máis ruín cuña ca do mesmo pao.** Dise cando alguén fala mal dun familiar directo.
610. **Non hai mal que cen anos dure.** Dise a xeito de consolo cando un está pasando malos momentos.
611. **Non hai mea sen conda.** Dise cando a un feito lle sucede a súa

consecuencia ou de dúas cousas que non se poden afastar por ir xuntas.

612. **Non hai mellor xordo que o que non quere oír. // Non hai pior xordo que o que non quere escoitar.** Dinse dunha persoa que non lle interesa escoitar o que lle din.
613. **Non hai quen lle tire do rabo á besta coma o seu amo.** Dise para indicar que ninguén coñece algo ou a alguén coma aquel que está xunto del e polo tanto é o único para poñerlle o mellor remedio ó problema existente.
614. **Non hai unha soa: sempre veñen máis.** Dise cando acontece algo, polo xeral malo, e vai seguido doutro acontecemento igual ou peor.
615. **Non irás ó muíño que non te enfariñes.** Díselle a un que se meteu en algo e saíu con consecuencias.
616. **Non se fai o palleiro sen palla. // O palleiro non se fai sen palla.** Dinse cando unha persoa está moi grosa e come moito.
617. **Nunca chove a gusto de todos.** Dise cando sucede algo, pois sempre para uns pode ser malo e para outros bo.
618. **Nunca chove como trona.** Dise para indicar que é máis o ruído que as noces, que non é tanto como se di.
619. **Nunca choveu que non escampara.** Dise cando as cousas están mal pero hai esperanza de que melloren.
620. **Nunca falta un roto pra un descosido.** Dise cando unha rapaza ou rapaz, non moi agraciados, atopan noivo/a, tamén cando a unha situación determinada lle acontece outra similar ou igual.
621. **Nunca sabe un onde a ten.** Dise cando alguén morre de desgraza, sen esperalo.
622. **Nunca trates de ensinarlle a un pai a facer fillos.** Dise cando unha persoa de menos anos e experiencia trata de ensinar a outra maior ou mellor preparada no asunto.
623. **O can é da cadela.** Dise para sinala-la orixe das persoas, dos animais e das cousas.
624. **O can é de quen lle dá de comer. // Os cas son de quen lles dá de comer. // Os animais son de quen lles dá de comer.** 1. Dise para indicar que o can ou os animais a quen queren é á persoa que os alimenta. 2. Dise para indicar que as persoas queren a quen as beneficia ou favorece. Véxase tamén *Os nenos son de quen os coidan.*
625. **O caso é ter saúde.** Dise como resposta a unha falta de sorte nun xogo.
626. **O da gorra, que corra.** Expresión escoitada a un feirante para chama-la atención da xente.
627. **O demo nunca dorme. // O demo nunca ten sono. // O demo nunca descansa. // O demo sempre traballa. // O demo sempre está a traballar.** Dinse cando acontece algo malo ou hai unha desgraza.
628. **O falar non ten cancelas.** Dise para sinalar que á hora de falar pódese facelo de calquera tema e dici-lo que queira, tamén para sinalar que unha cousa son as falas ou ditos e outra moi diferente son os feitos.
629. **O gato escaldado, a auga fría lle pon medo. // (O) gato escaldado da auga fría fuxe.** Dise dunha persoa –ou dun animal- que ten medo dunha situación porque xa se viu nela anteriormente e saíu mal parado.
630. **O malo nunca vén só.** Dise cando acontece algo malo e vai seguido doutra cousa ou suceso tamén malo.

631. **O medo é libre.** Dise dunha persoa que por medo foxe ou non fai algo malo que ía facer.
632. **O ollo do amo engorda ó cabalo.** Dise para sinalar que cada un chufa ó seu.
633. **O que apunta, perde se quere.** Díselle, xogando ás cartas, ó que apunta cando vai perdendo para sinalar que pode apuntar ó revés e favorecerse el; tamén se pode aplicar a outras circunstancias da vida onde un leva o control de algo.
634. **O que comeu a carne que roa os ósos.** Dise para indicar que quen sacou proveito de algo pois que ature ou se faga cargo da parte mala ou das consecuencias.
635. **O que deixa o traballo pra outro día, ou é fopeiro ou non ten guía.** Dise dunha persoa que é un perguiceiro e non quere traballar, e non remata o traballo no día porque non lle dá a gana.
636. **O que garda, sempre ten.** Dise para indicar que unha persoa é moi aforradora en cartos ou noutra cousa para cando lle fai falla.
637. **O que mantén sei que é o que sobra.** Dise cando hai abundancia dunha cousa.
638. **O que moito corre, tarde chega.** Dise da persoa que quere apurar moito a face-las cousas e todas lle saen mal, ou da que por moito correr e apurar ten contratempos e non chega a tempo.
639. **O que moito quere saber, merda se lle dá a entender.** Dise cando unha persoa, que é moi curiosa, quere saber algo e pregunta e dáselle unha resposta que non é a verdadeira.
640. **O que non chora, non mama.** Dise para indicar que o que non se queixa non logra nada.
641. **O que non ten cabeza ten pés. // O que non ten cabeza ten pés pra volver.** Dise cando un se esquece dalgunha cousa e ten que volver por ela.
642. **O que parte e reparte, leva a mellor parte.** Dise cando un fai unha partición dalgunha cousa e a mellor parte tócalle a el.
643. **O que queira comer troitas que molle o cu.** Dise para indicar que o que quere algo ten que traballar para conseguilo.
644. **O que queira ter cans, que os manteña.** Dise cando a xente ten algo –animais, plantas, cousas... – e teñen que coidarllo os veciños.
645. **O que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** Dise para xustificarse cando se lle quita unha cousa a unha persoa que antes lla quitou ela a outra.
646. **O que ten gado, ten traballo.** Dío o gandeiro para indicar que sempre ten algo que facer, pois o gando dá moito traballo; tamén se pode dicir en xeito figurado, por exemplo o que ten nenos, pois coidalos dá moito traballo.
647. **O santo que non *suda, que o limpe o demo.** Dise cando se lle pide un favor a un santo e non o concede.
648. **Onde hai cepos, fanse achas.** Dise para indicar que só se pode sacar algo de onde hai.
649. **Onde hai cu, hai medo.** Dise dunha persoa que non fai algo malo por medo ás consecuencias.
650. **Onde hai fume, hai lume.** Dise para indicar que onde hai indicios, asomos

ou sinais de algo, alí o podemos atopar.

651. **Onde vas, boi, que non ares.** Dise cando un ten un oficio e vaia a onde vaia ten que desempeñalo; ou tamén cando un sabe facer ben unha cousa e vaia a onde vaia, como llo saiban, mándanlla facer.
652. **Os nenos son de quen os coidan.** Dise para indicar que un neno quere a quen o cría ou está con eles, aínda que non sexa a súa nai biolóxica.
653. **Os *precios da feira non son os da casa. // Unha cousa son os *precios da casa e outros os da feira.** Dise cando o que pensa ou coida un é totalmente diferente á realidade.
654. **Papas pra un home de oficio, pape o demo a quen as fixo.** Dise para indicar que non é alimento para un home que traballa nun traballo pesado.
655. **Pasou o día, pasou a romería.** Dise cando pasada a ocasión xa non hai outra oportunidade.
656. **Pola boca morre o peixe.** Dise dunha persoa que falando, descóbrese a si mesma.
657. P**ouca terra e ben aboada, val pola moita e mal traballada.** Dise cando queremos facer ver que é mellor o pouco e ben coidado có moito e mal traballado ou coidado.
658. **Pouco máis / tanto / ten azoutar que dar no cu. // É o mesmo azoutar coma dar no cu.** Dise cando as dúas opcións que se poden escoller son moi similares e dá igual elixir unha ou outra.
659. **Pra mal xogar, hai que arrastrar.** Dise no xogo do tute, cando non se ten saída.
660. **Pra todo hai unha primeira vez.** Dise cando se fai unha cousa por vez primeira.
661. **Quen máis ten que rascar é o que máis ha de falar.** Dise da persoa que é a menos indicada para opinar sobre un tema ou da-lo seu parecer.
662. **Quen moito quere facer, ás veces, perde o día.** Dise cando un fai moitos traballos e sáenlle mal.
663. **Sabe máis o demo por vello que por demo.** Dise para indicar que a experiencia que dan os anos vale máis có saber da persoa.
664. **Se desconfías, vivirás; se te fías, morrerás.** Díselle como consello a unha persoa que está nunha posición na que debe desconfiar e, ela, dubida.
665. **Se non fai vento, non fai mal tempo.** Dise cando chove ou vai frío, para asegurar que o mal tempo é aquel que vén na compaña do vento.
666. **Se non se ve, non se cre. // Hai que velo pra crelo.** Dinse dalgunha cousa que non é posible ou normal que aconteza.
667. **Se queres que a agua corra, quítalle o terrón á presa.** Dise cando un quere que se saiba algo e entón só temos que dalo a coñecer ou poñer ó corrente a algunha persoa que sexa moi chismosa.
668. **Sempre ha de falar o que máis ten que calar. // Sempre ha de falar o que máis debera calar.** Dinse da persoa que é a menos apropiada para opinar sobre algo.
669. **Tal ver, tal agardar.** Dise para indicar que o que vemos que lle pase ós demais pasaranos a nós cando cheguemos a esas circunstancias.
670. **Tales olas, tales cachos.** Dise para indicar que unha persoa imita á familia da que procede.

671. **Tanto tes, tanto vales.** Dise para indicar que unha persoa vale polo que ten.
672. **Todo o que *sube, baixa.** Dise cando unha persoa subiu moito socialmente ou economicamente e da noite para a mañá atópase mal vista ou arruinada.
673. **Traballo feito non corre présa. // Traballo feito non mete apuro.** Dinse cando se remata un traballo para indicar que agora xa non temos présa nin ansia de facelo.
674. **Un sentado, non fai mandado.** Dise pola pouca condición traballadora dos fopeiros.
675. **Unha cousa é predicar e outra practicar.** Dise cando un, amigo de dar consellos, non os segue.
676. **Unha mao lava á outra, e coas dúas lávase a cara.** Dise cando se fan favores mutuos.
677. **Unha no papo e outra no saco.** Dise dunha persoa que é moi cobizosa, que todo o quere; tamén cando se está a repartir algo de comer e un bota unha para el e outra a come, deste xeito son dúas para el.
678. **Val máis ter que desexar.** Dise cando a un lle din que está gordo ou que ten moito de algo.
679. ***Xaula feita, paxaro morto.** Dise cando se remata unha casa e o que vai vivir nela morre.
680. **Xente nova e leña verde, todo é fume.** Dise para sinala-la pouca constancia e permanencia da xuventude.

5. Wellerismos

681. **¡A cada un o seu, dicía o que arroubaba!, b) ¡A cada quen o seu, dicía o que roubaba!** Dinse cando se fai uso dalgunha cousa que non é nosa e indicamos ou sinalamos de quen é.
682. **¡Cada un sabe o que sabe, dicía o que comía os mocos!** Dise cando nunha situación un sabe porque actúa ou fai dun xeito determinado aínda que non pareza moi lóxico ese xeito de actuar ou de obrar.
683. **¡Cada un sabe o que sabe, dicía o que, chovendo, levaba o paraugas pechado!** Dise cando nunha situación un sabe porque actúa dun xeito determinado.
684. **¡*Dios dea traballo! -dicía o enterramortos. // ¡*Dios dea traballo!** Dinse cando hai traballo para facer.
685. **¡Dicía a vella que non quería ir pró ceo porque estaba cheo de cativos!** Dise cando un está cos rapaces e está cheo deles, de estar termando deles ou de ter que aguantalos.
686. **Dicía o home que estaba a plantar árbores: -¡Un pau, vale un peso!** Dise cando un está a facer un traballo no que o resultado vaise ver a longo prazo.
687. **¡Eu, coma dicía o *xorobado: "Como non me empreñen, non creo que moito máis me poidan foder!"** Dise cando un se arrisca a facer algo, pois xa non ten moito que perder porque xa está amolado de abondo.

6. Dialoxismos

688. **Como che vai Melchor? - ¡Cada vez pior! // - Como lle vai señor? -¡Cada vez pior!** Dinse cando un está malo e cada vez está máis enfermo, ou cando un se atopa nunha situación crítica que cada vez empeora máis.

7. Expresións monolexicais

689. **meigado** adx. Con mala sorte. *Últimamente non me sae nada ben. ¡Estou meigado!*
690. **métome-en-todo** subs. Persoa que pretender controla-los asuntos alleos. *¡Teu amigo é un métome-en-todo! Non para de mete-los fuciños en tódolos nosos asuntos.*
691. **tastarabás** subs. Non ser serio, non ser formal. *Xoán, igual che di unha cousa coma outra. ¡É un tastarabás! Non é de fiar.*
692. **zamurdo** subs. Non ser de fiar. *¡Ten coidado con el que é un zamurdo! Nunca di o que pensa*
693. **zurrado** adx. Quedar cortado. *Quedou zurrado cando se soupo que fora el o causante do estropicio*.

5. Referencias bibliográficas

OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1953): "Contribución al léxico gallego y asturiano" en *Archivum* (Oviedo) III, 113-134.

(1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín. Anexo 7* da revista *Verba.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.

RIVAS QUINTAS, Eligio (2001): *Frampas III. Contribución al Diccionario Gallego* (1ª Edición: incluído no electrónico *Dicionario de Dicionarios* de Antón Santamarina: [http://sli.uvigo.es/DdD/]).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

galicia

ISSN 1698-7861
9 771698 786002

XUNTA DE GALICIA